

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e oito de xuño de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste o deputado provincial do Grupo Popular don Eladio Mangana Nóvoa, a consecuencia do falecemento do seu pai.

Intervén don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, para expresar o pesar do seu grupo polo falecemento do pai de don Eladio Mangana, e lembra que hai escasas datas que tamén lle morreu a nai a este deputado.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2013.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de maio de 2013.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012.-

A Sra. interventora explica o contido da conta xeral do exercicio 2012.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-las contas xerais correspondentes ao exercicio 2012 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Proceder á rendición da conta xeral correspondente ó exercicio 2012 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- MOCIÓN DO BNG POLO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO DE T-SOLAR.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e a continuación cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que vai dar lectura á moción e espera que no transcurso da lectura acaben de entrar as persoas que tiñan previsto asistir ao Pleno (afectadas polo ERE de extinción de T-Solar). Aínda que non están, quería saudar aos traballadores/as que hoxe están aquí e aqueloutros que aínda que fisicamente non están presentes están pendentos do debate que hoxe se vai producir nesta Deputación. Dá lectura á moción, co seguinte contido: *As medidas que o goberno do Partido Popular está implementando, en xeral, e no campo das enerxías renovábeis, en particular, constitúen un enorme atranco para territorios como Galiza, con enormes potenciais de desenvolvemento no sector, que ademais poden ser o motor industrial e arrastrar investimentos asociados. A estratexia enerxética que está a levar a cabo o goberno impide que Galiza poida desenvolver a súa economía e o seu sector enerxético a partir do aproveitamento de recursos renovábeis propios e, en especial, fréase o desenvolvemento fotovoltaico e eólico, de vital importancia nun momento de recesión económica como a que atravesamos, pois a supresión das primas fan inviábel o investimento. En Galiza podemos exemplificar esta perda de postos de traballo coa empresa T-Solar que representa a segunda maior fábrica de paneis solares do Estado. Esta empresa inaugurada no Parque Tecnolóxico de Ourense en 2008 bota o peche definitivo, presentando un ERE de extinción que afectará aos 170 traballadores/as, despois de ter sido depositaria de axudas públicas do goberno galego e a Deputación de Ourense. O tecido industrial galego estase desmantelando por completo. Na provincia de Ourense os datos son aterradores e este ERE de extinción supón o desamparo de 170 familias. A decisión do goberno do PP de eliminar as primas ás renovábeis ten consecuencias claras e inmediatas na vida das*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

persoas e no desenvolvemento do país. É urxente unha implicación e actuación pública que, de existiren ofertas de proxectos empresariais, estas sexan analizadas e, no caso de seren viábeis, se garanta o emprego e teñan o acompañamento dos instrumentos políticos e financeiros da Xunta de Galiza. Por todo isto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Instar á Xunta de Galiza a garantir o mantemento da actividade na fábrica de T-Solar e a totalidade dos postos de traballo, establecendo os avais precisos, a través do IGAPE ou do instrumento que considere oportuno, para apoiar calquera proxecto empresarial solvente que garanta a viabilidade futura da planta e da súa actividade. Con esta finalidade, a Xunta de Galiza liderará todas as negociacións e xestións que se realicen para a concreción dun proxecto empresarial solvente e dun plan de futuro para a planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense. 2º.- Instar ao Goberno do Estado a modificar a súa política en relación coa eliminación das primas ás enerxías renovábeis, para o cal é preciso modificar as disposicións que no sentido da súa supresión se establecen nos RDL 1/2012, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeneración, fontes de enerxía renovábeis e residuos, e RD-L 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro. Estes son os acordos que propoñen, aos que o Grupo Popular presenta unha emenda de substitución, o que quere dicir que queren eliminar estes dous acordos. Gustaríalle que lle dixeran en que parte destes acordos que propoñen non está de acordo o Grupo Popular. Para o BNG os seus acordos son concretos e específicos, e están de conformes co primeiro acordo da emenda de substitución: “a Deputación maniféstalles aos traballadores de T-Solar o apoio na procura da continuidade dos seus postos de traballo”, pero pide que se concrete en qué se vai basear ese apoio. O Sr. Baltar é o presidente do PP en Ourense e nesta Deputación, polo que está nos sitios onde se toman decisións e os traballadores de T-Solar queren saír deste Pleno cunha resposta e non cun apoio. Pregunta tamén que queren dicir no segundo punto da emenda que di: a Deputación insta á Xunta de Galicia a que empregue coa máxima contundencia todos os medios ao seu alcance para facilitar a continuidade da planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense, garantindo o mantemento dos cento setenta postos de traballo do dito proxecto empresarial”. Pregunta cal é esa contundencia, porque ao seu grupo esta emenda parécelle un brinde ao sol. A xente que está hoxe no salón de plenos non ven oír palabras baldeiras de contido, senón que queren saber se se lles van solucionar os problemas e se o presidente da Deputación vai tomar medidas. Dille ao presidente que lle diga aos presentes se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

está disposto a reunirse co presidente Feijóo, co conselleiro, cos traballadores e cos representantes dos grupos, para buscar unha saída á situación laboral dos traballadores e empezar a estudar as propostas que hai enriba da mesa. Isto é o que necesitan estes traballadores e non o que se di na emenda como terceiro punto: *a Deputación insta ao Goberno de España a que aborde unha fonda reordenación do sistema eléctrico que faga efectiva a implantación dun modelo enerxético sostible económica e ambientalmente e que contribúa a mellorar a competitividade de Galicia*. Con todos os respectos, dille ao presidente que iso é falar barato e os traballadores queren respostas concretas. O presidente dixo: *estamos diante dunha situación moi grave na que non valen posicionamentos partidistas porque o único que queren os traballadores é que se lles solucione o seu problema e para isto temos que ser eficaces e poñernos na defensa de algo tan fulcral como é o emprego a prol destes traballadores*. Pídelle ao presidente que faga valer o seu peso político, porque non valen emendas para salvar a cara diante dos traballadores a modo de cortina de fume. Pídelle que lle diga ao presidente Feijóo (xa que ao parecer teñen bo rolo) que lles diga aos traballadores/as cal é o seu futuro. O BNG propón acordos concretos, pero malia isto non van rexeitar nin unha soa palabra da emenda do Grupo Popular, aínda que son palabras baldeiras de contido. Reitera a petición dunha data para unha reunión onde se tomen decisións, sobre todo con aquelas propostas que xa hai enriba da mesa.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, antes de entrar no debate di que o seu grupo quere sumarse ás condolencias do Sr. Mangana Nóvoa e deséxanlle que ese transo sexa o máis levadío posible. Saúda ás persoas presentes, que están sufrindo unha situación lamentable segundo lles transmitiron nunha reunión que tiveron. Nesta situación e a estas alturas máis que buscar culpables hai que buscar solucións e non trasladar falsas esperanzas. Con esta situación non podemos facer demagogia, porque isto é moi lamentable para moitas familias. O Grupo Socialista, como grupo responsable, politicamente ten que facer valer a súa voz, pero ao mesmo tempo ten que defender os intereses, e para iso se necesita a complicidade de todos os grupos da institución para intentar buscar unha solución. Nalgún medio de comunicación algunhas persoas (que en teoría representan aos traballadores e outra parte que representa á propia empresa) dixeron que xa hai algunha solución enriba da mesa. O Grupo Socialista tiña unha emenda de adición que ía no sentido que xa apuntou o portavoz do BNG, de que o Sr. presidente tiña que reclamar unha reunión entre o presidente da Xunta e os representantes nomeados polos traballadores para estudar o futuro de T-Solar, porque ese é o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

sentir maioritario da xente que hoxe está aquí (que representan tamén aos que non están) e iso foi o que lle fixeron chegar ao seu grupo, para buscar un futuro de esperanza que a día de hoxe está moi costa arriba e complicado. Pensa que máis que unha reforma laboral neste país (que foi o que fixo o Partido Popular e que o que conseguiu foi que os traballadores teñan menos dereitos ou ningún) precísase unha reforma clara e contundente da clase empresarial deste país. Cando se refire á clase empresarial non se refire ás PIMES nin aos autónomos, nin aos que son traballadores ao uso, senón á clase empresarial que recibe cantidades inxentes de cartos públicos para facer este tipo de abusos (coméntase que esta empresa recibiu preto de sesenta millóns de euros). Refírese á clase empresarial que non se preocupa por producir e crear emprego senón que só lle interesa encher os bolsos, á clase empresarial que lles di aos traballadores que teñen que cobrar menos, e como os que din ultimamente que os parados teñen que coller calquera tipo de traballo en calquera tipo de condicións. Isto é responsabilidade do goberno do Partido Popular, pola reforma laboral. Reitera que hai que facer unha reforma estrutural da clase empresarial e deixarse de atacar aos que menos culpa teñen do que está acontecendo. A derogación dun decreto lei con respecto á enerxía solar e as enerxías renovables, que tamén fixo o Partido Popular, levaron a esta empresa á situación actual. Non pode ser que unha empresa que en 2010-2011 presente (ou así se evidenciaba) unhas contas relativamente saneadas e con máis carga de traballo e dun ano para outro aparezan unhas débedas impresionantes e chegue á situación actual. Non podemos consentir isto, porque estamos a falar de persoas que cobran un salario por facer un traballo (moitas veces moi mal pagado) mentres outros se benefician dos cartos de todos recibindo diñeiro público. Dille ao Sr. presidente que os xestos son moi importantes, como o de darlles apoio a estes traballadores, pero como presidente da Deputación e como presidente do Partido Popular ten que solicitar canto antes e poñerlle data e hora á unha reunión co presidente da Xunta, e se o presidente da Xunta non se pode reunir cos traballadores con motivo das súas “axendas ocupadas”, co conselleiro pertinente. Con isto non quere dicir que os políticos teñan que resolver a mala xestión das empresas privadas, pero os políticos si lles teñen que esixir responsabilidades ás empresas que reciben diñeiro público.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Puga que é moi fácil, nestes tempos difíciles, facer oportunismo e demagogia con propostas deste tipo. A moción presentada pon de manifesto un profundo descoñecemento das competencias da Administración autonómica e por suposto desta institución, no que se refire ao apoio empresarial, así como as causas da reforma do sistema eléctrico porque mesturan allos con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

bugallos. A Xunta de Galicia non pode garantir (e esta Deputación aínda menos) o mantemento da actividade de ningunha empresa privada. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que parece que teñen nostalgia de determinados réximes políticos e económicos xa moi superados. A Xunta de Galicia e a Deputación poden apoiar iniciativas que potencien a continuidade das empresas pero non pode interferir na súa xestión, e máis aínda nun caso como este, no que o grupo Isolux non presentou ningún escenario de apoio baixo o que estivera disposto a continuar coa actividade de T-Solar. A moción terxiversa de forma intencionada as causas de peche de T-Solar. Esta non é unha planta nacida para fornecer a España, senón que é unha planta con clara vocación exportadora e non podía ser viable concibida desde ningún outro punto de vista. É máis, este é o planeamento que está sobre a mesa desde o primeiro día do proxecto, e, daquela, a Xunta bipartita tamén decidira apostar por el. Por iso cabe subliñar que a situación do mercado español puido influír, pero se a empresa ten dificultades financeiras temos que buscar a explicación noutros aspectos. E, nesta explicación, os xestores de T-Solar e o Grupo Isolux, como o seu propietario, teñen moito que aclararlles ao goberno, aos propios traballadores da planta e aos cidadáns en xeral, e por iso se lles está a esixir máis información. De feito, chama poderosamente a atención que a empresa non deu beneficio ningún dos exercicios económicos nos que estivo funcionando, nin antes nin despois da reforma das primas, nin coa Xunta bipartita nin co actual goberno do presidente Feijóo. O conselleiro de Economía e Industria xa manifestou no Parlamento de Galicia que diante do complicado escenario formulado pola empresa, cun concurso de acredores e a presentación dun ERE extintivo, o goberno galego non vai escatimar esforzos para intentar atopar alternativas. Por iso se están mantendo múltiples encontros e se está a esixirlle ao Grupo Isolux que non aboque a planta ao peche definitivo e que presente un plan de medidas alternativas ao ERE de extinción. Pero a Deputación non lle pode pedir á Xunta que interfira na xestión empresarial máis alá das súas competencias. Cómpre salientar que máis do 80% dos 21 millóns de euros en axudas autonómicas percibidas por T-Solar, foron outorgadas polo goberno bipartito (seguro que con boa fe.) nos anos 2007, 2008 e 2009, pero hai que dicir alto e claro que estas axudas foron concedidas sen ningún tipo de garantías no caso de chegar a unha situación como a actual. Nos apoios outorgados pola Xunta actual, actuouse con responsabilidade e esixíronse garantías sobre a totalidade. Por iso, no indesexable caso de que a empresa cese a súa actividade, poderanse recuperar os 3,2 millóns de euros dun préstamo pendentes de cobro avaliado polo Grupo Isolux. Elemento este de presión, entre outros, que pode servir para intentar que o grupo busque alternativas para a continuidade da planta. En canto á reforma enerxética, di que actualmente en España existen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

dous factores que inflúen no axeitado desenvolvemento do sector eléctrico: o déficit de tarifa e o problema de sobrecapacidade de xeración eléctrica. En canto ao déficit de tarifa foi xerado polo goberno Zapatero ao que apoiaba o BNG; Aznar deixou o goberno central cun déficit de tarifa inferior ao 2.000 millóns de euros e o Sr. Zapatero no ano 2011 deixou 24.000 millóns de euros e cun modelo enerxético que levaría ao dobre en 2015 segundo as previsións dos técnicos. Para solucionar estes dous problemas, o goberno central do PP tomou varias medidas, algunhas criticadas pola Xunta de Galicia, como a orde de peaxes á que se alegou desde a administración autonómica ou o decreto de suspensión das primas ás renovables, para o que se presentou recurso de inconstitucionalidade. Ía dar lectura á emenda de substitución que presentou o Grupo Popular, pero como xa a leu o Sr. Rodríguez Puga xa non fai falta que a lea. Pero quere que quede claro que o Grupo Popular está ao lado dos traballadores e a favor de que non desapareza a empresa, pero as propostas do seu grupo fainas o grupo e non as que lle dite o Sr. Rodríguez Puga, polo que presentaron a emenda de substitución.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, intervén referíndose a unha camiseta que ten exposta no seu escano, e dille ao portavoz do Grupo Popular que a historia desa camiseta é que lla trouxeron familiares de persoas afectadas que queren unha resposta como a que el pediu, e non discursos de fala barato (aos fala baratos non lla levaron). O discurso do Grupo Popular está cheo de milongas, volvendo ao goberno Zapatero, pero é o que se esperaba, moita palabra baldeira de contido e nada máis. Cando chegou o goberno do PP a Madrid, sen aviso previo e sen ningunha negociación coas comunidades autónomas, aprobouse o Decreto 1/2012 que suprimía os incentivos económicos ás novas instalacións de enerxías renovables. O BNG defendeu a súa derogación, que xeraba inseguridade xurídica no sector das renovables e supuña un claro freo ao seu desenvolvemento. A primeira reacción da Xunta ante esta norma foi de comprensión e só meses despois presentou un recurso de inconstitucionalidade. O seguinte paso dado polo Partido Popular na eliminación das enerxías renovables, e de todos os postos de traballo que xeran tanto na fotovoltaica como na eólica, é publicar o RDL 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, recortando aínda máis as primas á enerxía eléctrica, polo que reincide na vía de facer decaer toda a responsabilidade no déficit tarifario nas primas ás renovables nunha clara aposta polas fontes de enerxía tradicionais (incluída a nuclear) fronte ás renovables e unha clara aposta polos oligopolios que mandan hoxe. O conselleiro só defendeu esa clara aposta polos oligopolios, polos que teñen o poder das enerxías tradicionais e esa é a mestura dos allos cos bugallos. Continúa dicindo que como consecuencia destas medidas atopamos o caso da empresa T-Solar, que presenta un ERE

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

de extinción deixando na rúa a 170 traballadores. Esta é a realidade e non vir con milongas do PSOE, dos de antes e dos de agora, os responsables son os que están gobernando e son os que teñen que tomar decisións políticas. Cento setenta familias desamparadas e o conseguinte aumento da paralización do desenvolvemento da provincia de Ourense (por moito que se diga que agora está repuntando) pola decisión do goberno do PP de eliminar as primas ás renovables. Desde o BNG consideran que o Sr. presidente (que se ten comprometido coa defensa do desenvolvemento sostible e unha das súas bandeiras é a aposta polas enerxías renovables) non debe deixar pasar esta oportunidade de poñerse á fronte da defensa dos intereses destas 170 persoas, ademais de estar a facer unha aposta de futuro por un sector enerxético máis respectuoso co territorio e que está chamado a ser un sector estratéxico para Galiza como motor industrial que arrastra investimentos asociados. A estratexia que está a levar a cabo o goberno do Sr. Rajoy impide que o noso país poida desenvolver a súa economía e o seu sector enerxético a partir do aproveitamento de recursos renovables propios, e, en especial, fréase o desenvolvemento fotovoltaico e eólico, de vital importancia nun momento de rescisión económica como a que atravesamos, pois a supresión das primas fai inviable o investimento. T-Solar é unha empresa punteira no sector e con carga de traballo, que estaba chamada a ser unha das máis produtivas no ámbito da fabricación de paneis solares na Unión Europea. Non se entende como bota o peche nun momento no que Europa lles impón aranceis ás importacións de paneis solares chineses como medida de protección ante as políticas de vender por baixo do valor de mercado. Pregúntase se isto pode ter que ver co abaratamento de custos da empresa para a súa venda no mercado da especulación no sector financeiro, que levou tamén á ruína á banca e no industrial vai levar ao desmantelamento dos sectores produtivos e da industria. Pregúntase se pode ter que ver con intereses e interesados aos que nada lles importan os traballadores/as para os que esta Deputación debería ser prioridade. A responsabilidade é do Partido Popular, a Deputación de Ourense non pode permitir que peche unha das empresas punteiras da provincia. Os traballadores de T-Solar piden que se garanta a continuidade do seu traballo e pídeno sabendo que hai empresas que están realizando ofertas que inclúen esa garantía. Hai unha empresa con nome e apelidos que se compromete a manter os 170 postos de traballo e os administradores fixeron caso omiso. Esta é unha das poucas empresas grandes que queda en Ourense, e por suposto unha das poucas empresas industriais que nos queda, e por se fora pouco, dos 170 traballadores e traballadoras desta empresa, a meirande parte teñen menos de 40 anos, persoas que se non lles buscamos unha solución terán que acabar abandonando o noso país, como outros tantos miles de mozos e mozas. A Xunta de Galicia debe liderar no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

proceso as negociacións para que un proxecto solvente se faga cargo da fábrica e lles dea continuidade aos postos de traballo dos 170 traballadores. A implicación e a actuación pública é urxente, xa que existen ofertas de proxectos empresariais que deben ser analizadas, e no caso de ser inviables ten que garantirse o emprego cos instrumentos dos que dispoña a Xunta de Galicia.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Popular, cre que o seu grupo foi explícito para dicir que os traballadores non queren buscar culpables e non lles importa quen deu máis ou menos subvencións pero saben quen ten a responsabilidade de gobernar. Esta responsabilidade non está na bancada do Grupo Socialista, porque hai máis dun ano que os españois lla deron ao Partido Popular que é quen ten a responsabilidade de sacar adiante ao país. A cuestión non é buscar culpables, senón que o problema é cando un se presenta ás eleccións dicindo que lles vai solucionar os problema aos cidadáns e o único que fai é enganalos. O Grupo Popular da Deputación ten unha situación complicada, porque aos seus colegas en Madrid se lles encheu a boca facendo demagogia con cousas que non se deben facer. O Grupo Socialista da Deputación intenta defender os intereses dos traballadores como pode e coas súas limitacións. É evidente que a Deputación como tal non ten responsabilidades neste tipo de cuestións, pero si o Sr. presidente e cando se fala de demagogia o que non pode facer e saír con outro observatorio máis dicindo que máis da metade dos concellos melloran a súa taxa de paro interanual e dicir que son máis os concellos da provincia con descensos na taxa de paro que con subidas. Isto dio o presidente da Deputación e non Zapatero e pregúntase en que mundo vivimos. Isto é igual que os que dicían o dos brotes verdes (aínda que fosen do seu partido). Non se pode dar ningún tipo de esperanzas onde non as hai e o que hai que facer é dar solucións. Os traballadores piden ter unha reunión con aquelas persoas que lles poidan explicar cousas. Non se pode dicir que se vai intentar solucionar o seu problema e despois non darlles ningún tipo de explicación. A responsabilidade é da clase empresarial, do Grupo Isolux e de moitas outras empresas, por iso xa dixo antes que quen necesita unha reforma é a clase empresarial e non os traballadores. A clase empresarial á que el se refire pertence ao PP, porque son os que se alegran cando gaña o PP e non se alegran tanto cando gaña o Partido Socialista. Os traballadores están quedando sen dereitos porque á parte de poder botalos á rúa se lles di que se lles van retirar incluso os permisos por morte dun familiar. Certo é que esta empresa foi creada con vocación exportadora, pero este era o país do sol e o país onde se facía un *pelotazo* con este tipo de instalacións, pero era porque eran enerxías subvencionadas, e ao mellor a eses grupos enerxéticos o que lles interesa e outro tipo de enerxías que caen do aire e non precisan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

tanto investimento neste momento, porque xa se fixo anteriormente. Reitera que o responsable agora é o Partido Popular que governa en todos os sitios, así como o pedimento ao Sr. presidente para que lles ofrezca aos traballadores un compromiso para que, canto antes, poidan ter unha entrevista co presidente da Xunta, se ten a ben recibilos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que el non buscou culpables, senón que falou de causas. Pretendeu ser obxectivo e non demagogo nin oportunista nin fala barato nin fala caro e non entrou no insulto nin na descualificación. Falou das causas, e unha das esenciais e obxectiva é que o goberno bipartito deu 21 millóns de euros sen ningún tipo de garantía. O goberno do PP deu 3,2 millóns de euros pero con garantías. Sabe que neste asunto o BNG está moi doído, porque a gran operación do bipartito foi ao garete e non foi culpa do PP. É evidente que teñen a responsabilidade de goberno e estamos nun país de libre mercado, e as administracións están para o que están e non para intervir oportunamente cando a alguén se lle ocorra. Con isto quere dicir intervir para gobernar unha empresa privada, que non é labor das administracións, senón que o labor é fomentar actividades ou intentar que non desapareza. Facendo demagogia e oportunismo non se axuda aos traballadores senón que o único que se fai é folclore político. En canto aos pedimentos ao Sr. presidente di que actuará en consecuencia, igual que ten actuado noutras moitas ocasións. Pide o apoio á emenda de substitución que presentou o seu grupo, á que dá lectura, co seguinte contido: “*A Deputación de Ourense: 1º.- Maniféstalles aos traballadores de T-Solar o apoio na procura da continuidade dos seus postos de traballo. 2º.- Insta á Xunta de Galicia a que empregue coa máxima contundencia todos os medios ao seu alcance para facilitar a continuidade da planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense, garantindo o mantemento dos cento setenta postos de traballo do dito proxecto empresarial. 3º.- Insta ao Goberno de España a que aborde unha fonda reordenación do sistema eléctrico que faga efectiva a implantación dun modelo enerxético sostible económica e ambientalmente e que contribúa a mellorar a competitividade de Galicia*”.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que se o Sr. presidente está disposto a reunirse co presidente Feijóo, conselleiro, representantes dos traballadores, representantes dos grupos desta Corporación, para buscar unha saída á situación laboral dos traballadores da empresa, e estudar as propostas que hai enriba da mesa, este debate servirá para algo e sería unha boa noticia. Se non está disposto a isto e non di que o vai facer sería unha mala noticia para os traballadores de T-Solar e o BNG acabaría de quitarlles a careta, palabras baldeiras de contido, e se alguén se sente insultado e o seu problema. Pide que se lle reclame á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

Xunta de Galicia un compromiso para a garantir a continuidade da totalidade dos postos de traballo, establecendo os avais precisos para apoiar calquera proxecto empresarial solvente; que reclame que a Xunta lidere as negociacións coas empresas que están realizando ofertas, para avaliar a solvencia das propostas e garantir que se leve adiante a máis beneficiosa posible para os traballadores, porque se lle meteu diñeiro público e polo tanto hai que reclamalo, igual que reclamar do goberno do Estado para que dea marcha atrás nas recentes modificacións legislativas encamiñadas a eliminar as subvencións ás enerxías renovables para favorecer fontes de enerxía tradicionais, incluída a nuclear.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que con independencia do que algúns entenden por palabras baldeiras de contido, o que fan falta son feitos. Todos están de acordo en que hai que buscar solucións e non utilizar este asunto para tratar de colgarse medallas, senón que hai que tratar de garantir eses cento setenta postos de traballo. Agrádalle recibir a petición do Sr. Rodríguez Puga para falar deste tema, porque é a primeira vez que lle consta que fai ese pedimento. Evidentemente están abertos a calquera tipo de reunión e así se fixo desde esta Deputación, aínda que teñan claro que a Deputación non ten competencias nin responsabilidades directas neste caso. Nun primeiro momento reuniuse co comité de empresa, fíxose unha declaración pública apoiando o mantemento deses cento setenta postos de traballo. A nivel interno houbo unha votación do comité de empresa, que tivo o resultado que todos coñecen. Reuniuse cos representantes dos traballadores que lle dixeron que era bo que se fixera un pronunciamento público desde a Deputación para o mantemento dos postos de traballo, e así se fixo. O problema de T-Solar non é un problema só dos traballadores, senón tamén da provincia de Ourense. Este problema formou parte da reunión que mantivo co presidente da Xunta o día 10 de xuño, e tamén formou parte das diversas reunións que mantivo co conselleiro de Economía e Industria. Cónstalle que están preocupados e ocupados con este tema para buscarlle unha solución e xa son coñecedores das ofertas que hai enriba da mesa. Nesa liña vai a emenda que formulou o Grupo Popular, para que a Xunta faga o posible coa maior contundencia para garantir eses cento setenta postos de traballo, algo que os manterá preocupados e ocupados o tempo de faga falta, ata que se solucione este tema. Esta emenda reflicte o compromiso para o mantemento dos postos de traballo que é o que lles transmitiu aos representantes dos traballadores. Recomendalle ao portavoz do Grupo Socialista que asista ás presentacións dos observatorios para que poida ver que non só se fixeron os pronunciamentos que el mencionou, senón que son conscientes de que a situación é mala, que os niveis de alerta son máximos e que todos os esforzos que fagamos son poucos. O esforzo para o mantemento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

destes postos debe ser prioritario e así se lle transmite diariamente ao goberno autonómico, ao que xa se lle cursou esa solicitude para que se reúna cos traballadores e para facerlles ver cal é o estado actual das negociacións que están mantendo. O Parlamento autonómico é onde teñen máis cabida este tipo de iniciativas, aínda que nesta Deputación tamén a teñen, para manifestar o compromiso de todos para manter os postos de traballo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e catro (24) deputados asistentes á sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

A Deputación de Ourense:

1º.- Maniféstalles aos traballadores de T-Solar o apoio na procura da continuidade dos seus postos de traballo.

2º.- Insta á Xunta de Galicia a que empregue coa máxima contundencia todos os medios ao seu alcance para facilitar a continuidade da planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense, garantindo o mantemento dos cento setenta postos de traballo do dito proxecto empresarial.

3º.- Insta ao Goberno de España a que aborde unha fonda reordenación do sistema eléctrico que faga efectiva a implantación dun modelo enerxético sostible económica e ambientalmente e que contribúa a mellorar a competitividade de Galicia.

Neste momento intervén unha persoa do público, que di falar en representación da CIG, para pedirlle ao Sr. presidente que se lles remitan por escrito os documentos que xustifiquen as xestións realizadas ata a data en relación co asunto de referencia.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo realizado.

A continuación somete a votación o texto inicial da moción que presentou o grupo do BNG, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

Intervén **don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, para dicir que o seu grupo presentou unha emenda in voce que non foi votada, polo que quere saber se esa emenda é aceptada ou non. Cre que se debería votar tamén esta emenda, e rógalle ao Sr. presidente que a solicitude que lle cursou á Xunta de Galicia para a petición da reunión da que falou, lles sexa trasladada aos traballadores.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo e dille ao Sr. Gómez Pérez que como ben sabe, e así o recolle o Regulamento, a aceptación ou non das emendas in voce depende do autor da moción da que se trate, e en ningún momento o autor da moción se pronunciou ao respecto.

Tras un breve debate, a Presidencia somete novamente a votación a moción do BNG coa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

emenda de adición presentada in voce polo Grupo Socialista, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que queda rexeitada.

4º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DEMANDA POR PARTE DA AEAT AOS VECIÑOS E VECIÑAS BENEFICIARIOS DE PENSÍONS PERCIBIDAS NO ESTRANXEIRO.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución e cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, portavoz do BNG, espera que ao portavoz do Grupo Popular esta moción non lle pareza tamén unha demagogia por parte do BNG, porque ese é un feito sumamente grave como para tomalo en consideración. Galiza, como todos sabemos, leva padecendo a lacra da emigración, primeiro no século XIX cara a América latina, e despois, na década dos sesenta, setenta, oitenta e ata hoxe cara Europa e a outras partes do Estado español. Agora, por desgraza, os mozos e mozas deste país están a facer o mesmo, incluso desde a Xunta se lles di que é mellor que marchen para formarse e volvan cos coñecementos necesarios para poder enriquecer a este país (iso si que é demagogia). Moitos deses emigrantes, que non foron de vacacións senón que foron traballar moitas horas e moitos días para poder mandar divisas (algunhas agochadas), agora son xubilados e, como é lóxico, co seu dereito a cobrar as prestacións por traballar neses países. Agora, cinco anos despois a Axencia Tributaria reclámalles que regularicen os exercicios desde o ano 2008 ata o 2012, que fagan de novo as declaracións, e que se lles vai sancionar porque en teoría son defraudadores. Mentres a algúns se lles permite branquear cartos que agocharon fóra a outros que traballaron toda a vida e que se esforzaron para sacar adiante ás súas familias, agora reclámanselles os cartos. Existía un total descoñecemento da facer esa declaración e agora mandan esas cartas para que a xente pague. Isto o que demostra é que a Axencia Tributaria precisa cartos e vai onde é máis doado, onde a xente paga aínda que sexa a xente que menos debería pagar. Ao BNG parécelle inconcibible que se faga isto cinco anos despois e que se utilice a esta xente para sacar cartos, meténdolles o medo no corpo como se fosen uns defraudadores, sen unha campaña publicitaria para explicarlles porque teñen que facer isto (si que houbo campañas informativas para que os ricos que tiñan os cartos agochados os volvesen traer para o noso país). Nun primeiro momento as reclamacións referíanse ao ano 2008, e resulta que son ata o ano 2012. Dá lectura á parte dispositiva da moción, co seguinte contido: 1.- A Deputación Provincial expresa o seu apoio aos veciños e veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro e que foron requiridos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

pola AEAT. 2.- A Deputación Provincial artellará medidas de asesoramento aos afectados, instando ao mesmo tempo aos concellos da provincia para que fagan o propio. 3.- A Deputación Provincial solicítalle á Xunta de Galiza que estableza mecanismos para colaborar con esta institución e coas demais entidades locais da provincia na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisen. 4.- A Deputación Provincial require do goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas: 4.1.- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses aos beneficiarios galegos e galegas de pensións no estranxeiro por non tributar polas ditas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan da dita obriga tributaria. 4.2.- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012. 4.3.- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver producirse no futuro.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o Grupo Socialista da Deputación Provincial está totalmente de acordo coa moción que presenta o grupo do BNG, moción que xa presentou o Grupo Socialista en varios concellos, incluso gobernados polo PP, e que foron aprobadas por unanimidade de todos os grupos. Espera que neste pleno quede manifesto o apoio do Grupo Popular e a súa desconformidade co PP de Mariano Rajoy e co desgobierno de España, que baseándose na austeridade pensa que nos vai quitar da crise. Se se fía polo que lle pide o corazón non tería tempo para defender unha inxustiza por moi legal que poida ser, porque teñen dúbidas habendo como hai xurisprudencia en contra do que pide a Axencia Tributaria a día de hoxe. A norma di que só están obrigados a declarar aquelas rendas de traballo por enriba de 22.000 euros, pero esa renda baixa a 11.200 euros cando as rendas proveñan de dous ou máis pagadores. Aquí está o problema, ou o novo nicho de cartos que tentan recadar desde o goberno de España. En vez de aplicar aquilo de que paguen máis os que máis teñen, optan por asaltar agora o peto dos que algún día tiveron que emigrar. Se un pensionista español percibe unha pensión da Seguridade Social e unha do estranxeiro superior a 150 euros/mes, é dicir 1.500 euros/ano, pola que en teoría non está obrigado a facer declaración, pero que entre ambas suman máis de 11.200 euros, si están obrigados a tributar. Este ano, a gran maioría de pensionistas galegos e galegas, que nunca recibiran ningún aviso, están recibindo cartas moi alarmantes, e estamos no final da campaña da renda do ano 2013. Son galegas e galegos das nosas casas, que proceden na inmensa maioría do rural, que foron

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

traballar ao estranxeiro, principalmente a Europa, nas décadas dos 60, 70 e 80, que volveron para facer a súa casa e para iniciar o seu proxecto vital, o seu negocio, para coidar pais e para estudar aos seus fillos. Moitos deles miles de autónomos, agricultores e gandeiros, para os que ningún goberno do PP mirou, que por non ter non tiñan nin dereito a enfermar, nin baixas por maternidade, nin outros moitos dereitos que si estaban recollidos no estatuto dos traballadores por conta allea do ano oitenta. Está a falar dos que decidiron, como hoxe, ir en busca de traballo a Europa porque non o tiñan no seu pobo nin na súa aldea. Outra mazada máis ao rural galego, outra vez a cargar contra os que hoxe están mantendo o escaso consumo, o pagamento das universidades dos netos, as hipotecas dos fillos nunha sociedade enferma de cobiza e de consumismo desaforado, unha sociedade cada día máis pobre e máis podre, suxeita, esta vez, ao poder da maioría absoluta dun PP que lles quita aos pensionistas cada día un pouco máis. Sinte ter que lembrarllo, pero non lles soben anualmente o IPC das súas pensións, pagan o 10% dos medicamentos, aqueles que nunca pagaron, daqueles que lles entran, do resto pagan o 100%, pagan as ortopróteses, pagan máis pola luz, polo teléfono, pola auga, polos recibos do IBI da contribución urbana que este goberno, en canto chegou, subiu un 10% máis a porcentaxe que lle aplique cada concello. Para finalizar di que unha persoa que reciba unha pensión do estranxeiro por enriba dos 150 euros/mes máis unha da Seguridade Social, ten que pagar. A inmensa maioría non facía a declaración da renda na crenza de que non defraudaban á facenda pública, porque a súa pensión do estranxeiro era tan pequena que estaba exenta e a de España está lonxe de ser *mileurista* que tampouco está obrigada a facer declaración á facenda pública, esa facenda pública que non sabía dos Bárcenas, dos Urdagaríns, das Infantas de España e toda a tropa que recoñece abertamente sobres con soldos en B, CD, DVD. Isto é unha *coña*, isto é para tirarse ao monte. Pide que non mortifiquen máis aos pobres, que non se apliquen medidas desproporcionadas, que se lles pida máis aos que máis teñen, que se reforme a fiscalidade, que paguen os ricos, os das SICAVS, os das multinacionais que cotizan en Irlanda o 12% cando polo seu volume tiñan que cotizar en España máis do 30%. Non é de recibo que lles pidan complementarias desde 2008, con sancións e xuros de demora, xa que se o tiñan tan claro tiñan que telo reclamado cando chegaron ao poder no ano 2011. Pregúntase por qué non informan aos cidadáns, e o lles parece máis inxusto é que se as pensións, que son rendas do traballo, por qué non poñen ese límite nos 22.000 euros, de xeito que dea igual o número de pagadores que teñan, que ninguén teña a obriga de declarar se non acada esa cifra, agás que o queira facer, porque neste país o que queira facer a declaración por se lle sae a devolver está no seu dereito de facela.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama que levan un ano gobernando e que todo o que pide podía ter feito o Partido Socialista, pero este fixo pouco ou nada. Cando mete no saco a todos os nomes que acaba de relatar, dille que non esqueza a algúns do sur que tamén teñen certa fama. Dille ao Sr. Iglesias Pérez que el non está aquí para facer demagogia nin para insultar, pero así lles vai. O Grupo Popular, polo menos mentres el sexa o portavoz, non vai entrar en escaladas de ningún tipo, nin de oportunismo, nin de demagogia, nin de mal gusto nas intervencións. En canto ao punto que nos ocupa, di que a lei que regula o imposto das persoas físicas (as leis obrigan a todos sen excepción, a non ser para os *rapiñeiros* que os hai en todos os lados) establece que unha persoa física e residente fiscal en España, debe tributar en España pola súa renda mundial, é dicir, deberá declarar en España as rendas que obteña en calquera parte do mundo (*artigo 2: con independencia do lugar onde se produciron e calquera que sexa a residencia do pagador*), sen prexuízo do que se dispoña nos convenios para evitar a dobre imposición internacional subscritos por España. A mesma lei establece que tributan, entre outros, no seu artigo 18, apartado 2, os seguintes rendementos: *as pensións e haberes pasivos percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas e demais prestacións públicas por situacións de incapacidade, xubilación, accidente, enfermidade, viuvez ou similares*. Respecto do establecido polos convenios de dobre imposición, hai que estar ao disposto no convenio que ten asinado España co país de onde obtén a renda. Non obstante, tendo en conta o disposto nos convenios para evitar a dobre imposición internacional subscritos por España, a tributación para os residentes fiscais en España das pensións obtidas no estranxeiro, entendidas estas como remuneracións que teñen a súa causa nun emprego exercido con anterioridade, teñen distinto tratamento segundo sexan públicas ou privadas. Por pensión pública enténdese aquela que é percibida por razón dun emprego público anterior, é dicir, aquela que se recibe por razón de servizos prestados a un Estado, a unha das súas subdivisións políticas ou a unha entidade local, por exemplo, a pensión que percibe un funcionario. Esta pensión, por regra xeral, só tributa no país do que procede, salvo que sexa pagada a unha persoa de nacionalidade española. Por pensión privada enténdese calquera outro tipo de pensión percibida por razón dun emprego privado anterior, en contraposición ao que se identificou como emprego público, por exemplo, a pensión percibida da seguridade social dun traballador do sector privado. Estas pensións só tributan en España. En todo caso, estas pensións tributarán en España cando superen o límite que determina a obriga de declarar. Hai que ter presente que a Axencia Tributaria detectou a existencia dun número elevado de contribuíntes que declararon correctamente as pensións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

obtidas no estranxeiro, pero tamén se advertiron contribuíntes do IRPF que ou ben non declararon o importe da pensión obtida no estranxeiro na declaración que presentaron, ou ben que estando obrigados a presentar declaración do IRPF, tendo en conta tanto os rendementos obtidos en España como os obtidos no estranxeiro, non a presentaron. Nestes casos os órganos de xestión da AEAT iniciaron os procedementos de comprobación establecidos na normativa española. Tamén hai que ter en conta que non corrixir este comportamento suporía facer de peor condición ao pensionista que percibe as súas pensións en España daquel que as percibe do estranxeiro e a quen percibindo as súas pensións do estranxeiro cumpriu coa súa responsabilidade de decláralas. As actuacións desenvólvense a nivel nacional, aínda que é certo que pode ter unha maior importancia en Galicia e noutras zonas xeográficas españolas que tradicionalmente teñen moitos emigrantes. Respecto dos exercicios obxecto de comprobación a normativa española autoriza a comprobar dentro do prazo de prescrición de catro anos desde que finalizou o prazo para declarar (a renda de 2008 finalizou o prazo o 30 de xuño de 2009, polo que o prazo de prescrición finaliza o 30 de xuño de 2013). Os contribuíntes teñen garantido por lei oporse aos feitos que se lles imputan achegando as probas que correspondan. A Lei xeral tributaria contempla como infracción tributaria deixar de ingresar dentro do prazo establecido a totalidade ou parte da débeda tributaria, así como obter indebidamente devolucións tributarias. A Axencia Tributaria estudará cada caso en particular. A AEAT prevé a posibilidade de que o contribuínte que teña dificultades financeiras poida solicitar adiamento ou fraccionamento da débeda tributaria. Se o importe da débeda para aprazar é inferior a 18.000 euros non hai que achegar garantía. O Grupo Popular é solidario con este problema, que afecta a xente humilde e que ten que cumprir coas súas obrigas tributarias, polo que presentan a emenda de substitución, para a que piden apoio de todos os grupos.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que é increíble que se lles tache con este asunto de demagogos e oportunistas. Oportuna foi a AEAT mandando agora estas cartas, cando lle fan falta os cartos, pola porta de atrás e cun mes de prazo antes de que remate o período. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que lle agrada que coñeza a lei, pero gastar oito minutos do seu tempo lendo unha lei, é un xeito de dicir que non ten forma de escusar isto. Non hai forma de escusar isto, porque despois de todos estes anos a esa xente se lles vai cobrar cantidades tremendas, xusto agora que moitos teñen aos seus fillos no paro, que están coidando aos netos porque non poden ir a unha gardería, que investiron os seus cartos en preferentes e subordinadas. Lembra que hai un par de meses o BNG presentou unha moción para instar aos concellos da provincia en relación cun asunto determinado, e replicóuselles que se ía contra a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

salvagarda da independencia municipal, e na emenda de substitución do Grupo Popular instan ao Goberno Central e á Axencia Tributaria. Non sabe se nestes dous últimos meses a Real Academia cambiou o significado do verbo instar. En relación co que se pide na emenda de: *instar ao goberno do Estado para que, no marco das súas competencias ...* pregúntase quen ten as competencias (non cre que as teña a Sra. Merkel ou a Casa Real española), o seu grupo pensa que habería que obrigalo ou facerlle ver ao goberno do Estado que isto é unha inxustiza e que se lles está roubando aos que menos teñen. O BNG defende os intereses de todos pero o PP só defende os intereses de quen lles interesa.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que ás reclamacións, se lles sumamos as complementarias máis a sanción por non telas feito no seu día, poden chegar a cifras de ente 12.000 e 15.000 euros, para o que Facenda está a dar uns prazos de devolución moi curtos. A información oficial é confusa sobre quen ten a obriga de declarar e tamén sobre os procedementos. De feito, ata agora era habitual que nas propias delegacións da facenda estatal se lles comunicase aos pensionistas que as pensións do estranxeiro tan pequenas non as tiñan que declarar. O feito constatable de que se están recibindo por milleiros estas reclamacións, confirma que a maior parte dos pensionistas entendían que non era obrigatorio declarar esas pensións. Non estamos a falar de funcionarios que foron a outro país ou dos corpos diplomáticos, estamos falando de persoas, en moitos casos da mesma familia, que foron traballar a fábricas por un soldo máis ou menos digno e que regresaron cuns pequenos aforros e se puxeron a traballar tamén aquí. Por iso reciben dúas pensións pequenas por baixo dos 1.000 euros (quen lle dera aos seis millóns douscentos mil de parados ser *mileuristas*). As persoas notificadas están sumidas nun mar de dúbidas, non só pola escasa e pouco clara información que reciben da facenda pública e a contradición evidente con sentenzas xudiciais, senón polo grave problema que supón un desembolso económico desta magnitude, cuns prazos tan curtos e con xuros de demora, nun momento no que as economías familiares non son abundantes (como todos saben) e mesmo a persoas con pensións que, en moitos casos, son o principal sustento das familias. A realidade, e non é demagogia, é que os pensionistas pagan impostos cada día, cando comen, cando viven, cando beben, no verán, no inverno, os 365 días do ano. Hoxe, máis que nunca na súa vida, non son suxeitos pasivos, son a clase máis activa da poboación española, e son un dos piares fundamentais no que se sostén a economía deste país. Saben que *rapiñeiros* hainos en todos os sitios, pero ao mellor despois se pode falar dalgún que está sentado nesta Corporación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pregúntalle ao Sr. Iglesias Pérez que se vai facer cos que pagaron os seus tributos correctamente, porque o que pretenden é unha amnistía parcial, só para os que non pagaron. Di que non lle dedicou oito minutos a ler a lei, só lle dedicou un, para ler dous anacos de dous artigos. En canto ao verbo instar, di que demagogia é instarlles aos concellos algo para o que teñen autonomía recoñecida na Constitución, e a Deputación non lle vai dicir aos concellos o que teñen que facer. Demagogia é terxiversar as cousas, porque neste asunto haberá que dirixirse a quen ten a capacidade de legislar, e para arranxar isto ou ben se modifica a lei ou se fai insubmisión. O Grupo Popular está ao lado destas persoas e por iso presentan a emenda de substitución á moción, que di o seguinte: *O Pleno da Deputación Provincial de Ourense: 1º.- Insta ao Goberno do Estado para que, no marco das súas competencias e a través da AEAT, informe e asesore a todas as persoas beneficiarias de pensións recibidas no estranxeiro das súas obrigas tributarias (a ignorancia da lei non escusa do seu cumprimento) 2º.- Insta á AEAT á reconsideración de todos os expedientes sancionadores e, se é o caso, ao fraccionamento da débeda tributaria de beneficiarios galegos de pensións no estranxeiro que actuaron de boa fe por falta de información ou descoñecemento da normativa.* Di que igual se lles critica por poñer galegos, porque hai máis afectados en toda España.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que podendo estar de acordo co punto número un da emenda de substitución, aínda que se lle vexa pouca intención de chegar a ser factible, é máis lóxico o punto número dous se recollese que non se trate a esa xente como defraudadores, porque non o son; que a obriga de declarar non tivera carácter retroactivo anterior a 2012; que no aprazamento que non se lles cobren xuros de demora do 5%. En canto a cambiar as leis, di que o PP cambio leis para que os que tiñan cartos fóra os trouxeran para o país para que lles saíse máis rendible e para branquear cartos. A diferenza é que nese caso ao PP lle interesaba cambiar a lei, pero neste caso non lle interesa. O BNG pensa que hai que poñer á poboación diante doutro tipo de intereses. Anuncia que non van votar a favor da emenda porque para o BNG fáltanlle datos, a non ser que reconsidere o punto segundo tendo en conta as cuestións que formulou.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

1º.- Insta ao Goberno do Estado para que, no marco das súas competencias e a través da AEAT, informe e asesore a todas as persoas beneficiarias de pensións recibidas no estranxeiro das súas obrigas tributarias.

2º.- Insta á AEAT á reconsideración de todos os expedientes sancionadores e, se é o caso, ao fraccionamento da débeda tributaria de beneficiarios galegos de pensións no estranxeiro que actuaron de boa fe por falta de información ou descoñecemento da normativa.

A continuación, a Presidencia somete a votación a moción do BNG co texto orixinal, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

5º.- MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NOS CONSORCIOS DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Deixar sen efecto os seguintes nomeamentos de representantes da Deputación nos diferentes consorcios do servizo contra incendios e salvamento existentes na provincia, efectuados na sesión do 27 de xullo de 2011:

- Don Francisco Rodríguez Rodríguez e don Argimiro Marnotes Fernández (titulares) e don Luciano Rivero Cuquejo e don Emilio José Pazos Ojea (suplentes) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Valdeorras.
- Don Emilio José Pazos Ojea (titular) e don Antonio Pérez Rodríguez (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Verín.
- Don Plácido Álvarez Dobaño (titular) e don Luciano Rivero Cuquejo (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca da Limia.
- Don José Manuel Freire Couto (titular) e don Eliseo Fernández Gómez (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca do Carballiño Ribeiro.

2º.- Designar como representantes da Deputación Provincial nos mencionados consorcios ás seguintes persoas:

- Don José Manuel Baltar Blanco e don Francisco Rodríguez Rodríguez (titulares) e don Rosendo Luis Fernández Fernández e don Luciano Rivero Cuquejo (suplentes) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Valdeorras.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

- Don José Manuel Baltar Blanco (titular) e don Rosendo Luis Fernández Fernández (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Verín.
- Don José Manuel Baltar Blanco (titular) e don Rosendo Luis Fernández Fernández (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca da Limia.
- Don José Manuel Baltar Blanco (titular) e don Rosendo Luis Fernández Fernández (suplente) no Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca do Carballiño Ribeiro.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA E AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO INORDE 1/2013.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, antes do debate deste expediente dille ao Sr. Álvarez Dobaño que espera que non os insultase cando lles chamou demagogos e oportunistas por defender as súas ideas e lémbrolla unha cantiga que di o seguinte: *unha vella díxolle a outra polo burato da porta, métete na túa vida que a miña nada che importa*. En canto ao punto da orde do día, insisten, por enésima vez, en que non se prolongue máis a agonía innecesaria deste organismo, que xa naceu morto, porque o único que vai conseguir é agrandar máis o burato económico deste pozo sen fondo que tras 25 anos, e logo de ter manexado máis de 40 millóns de euros, non conseguiu que os parámetros da provincia medraran en termos comparativos con outros territorios. Dille ao Sr. presidente que agora que ven de anunciar máis axustes para 2014, aproveite para darlle a liquidación a este organismo. En ton baixo, para non perturbar as sonecas do Sr. Freire, pregunta se neste expediente están recollidos os case 52.000 euros que pide o Sr. Freire Couto de atrasos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, empezando polo final, di que quen fixo público o dos 52.000 euros que reclama o Sr. Freire Couto foi Grupo Socialista. Anuncia que votarán en contra deste expediente, entre outras cousas, porque lles parece intolerable o que está a ocorrer nesta institución. Supón que o Sr. presidente é coñecedor do escrito do Sr. Freire, porque a el vai dirixido, e pregúntalle se se vai facer efectiva esa solicitude ou non; pregunta tamén se este expediente de modificación de crédito é para pagar este tipo de derramas. O portavoz do PP no Concello de Ourense (presente neste Pleno) critica cousas naquel foro (non discute que poidan ser criticables) pero permite que un compañeiro del, que tiña dedicación exclusiva nun organismo público, solicite case 52.000 euros de atrasos pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

suba salarial na empresa privada. Se quixera facer demagogia utilizaría este tema no debate da moción de T-Solar, e teríase armado un *guirigai de narices*. Sabe que este asunto non ten que ver co punto da orde do día, pero é o que nos ocupa. Pídelle ao Sr. presidente (xa o pediu en rolda de prensa) que diga se vai facer efectiva esta solicitude e que se lles informe se esa solicitude (asinada o día da súa renuncia e con entrada na Deputación o día 5 de xuño) se axusta á legalidade. Para o Grupo Socialista é intolerable que persoas que realizan esta clase de peticións inmorais sigan sentados nas bancadas deste plenario, xa que está solicitando que a Deputación lle pague o que deixou de percibir noutro sitio por ter dedicación exclusiva. Reitera que isto é intolerable e lamentable e non ten outro cualificativo. O Sr. presidente sempre di que non tolera condutas dos políticos que non sexan as axeitadas e a simple presentación deste escrito chega para merecer que non siga sendo compañeiro de escano na Deputación.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Puga que para nada lle importa a súa vida particular, igual que a del tampouco lle importa a el, en todo caso deséxalle o mellor; si lle importa en canto ao cargo de concelleiro e deputado por responsabilidade e obriga. As palabras oportunismo e demagogia entran dentro dunha linguaxe normal e sinxela, incluso respectuosa, pero “fala barato” ten un sentido pexorativo e o Sr. Rodríguez Puga sábeo ben, a non ser que lle cambiase o sentido, e se así fose retira o dito e sen non é así dille que siga facendo o que queira. En canto ao expediente que nos ocupa di que foi ditaminado favorablemente pola comisión correspondente. Hai un superávit do ano 2012 de máis 650.000 euros e o desenvolvemento normal dun exercicio orzamentario de calquera entidade ou organismo autónomo como é o INORDE é distribuír ese remanente de Tesourería.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que votarán en contra deste expediente e di que cando fala neste Pleno nunca o fai a título persoal e a cantiga é metafórica. Fala exclusivamente da política porque non se coñecen as vidas, polo de agora, xa que nunca se sabe.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta, como noutras moitas ocasións, que ao Sr. Álvarez Dobaño lle toca defender marróns considerables (como a todos) e o que el puxo enriba da mesa é un deles, e se non se rebate é que lle están dando a razón. Sabe o que é unha modificación de crédito, pero non poden aprobar unha modificación de crédito, cando o encargado de xestionar o INORDE durante tantos anos agora está deixando ao grupo de goberno co cu ao aire, algo absolutamente vergoñento. Tanto o Sr. presidente como o portavoz do Grupo Popular tiveron que defender ese *chiringuito*, coméndose determinados marróns, e agora a ver como poden defender isto, porque cando un se ergue pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

mañá e lle chegan ás mans documentos como o que xa comentou (supón que por parte dalgunha persoa indignada polo seu contido) non se pode calar e ten que denunciálo. É intolerable que unha persoa que despois de cobrar 56.000 euros por case non asistir ao seu posto de traballo veña agora reclamando o que reclama. Pide que o Sr. presidente se manifeste ao respecto, porque dixo nos medios de comunicación (sitio no que lle gusta moito saír) que a renuncia do Sr. Freire á presidencia do INORDE ía supoñer un aforro de 56.000 euros para as arcas da Deputación, e agora a ver como se xustifica que este señor lle pida 52.000 euros. Reitera que é intolerable e que unha persoa cun cargo público e que ten que dar exemplo (sobre todo nestes tempos que corren) presente ese escrito. Como responsable político, e aínda que lle doa, ten que denunciar isto, porque está indignado con esta situación. Cando fóra se di que todos os políticos son iguais el se sente molesto, porque non é igual que o Sr. Freire e lle molestan estas actitudes, xa que non está na política para beneficiarse dela nin para intentar saquear a unha institución pública.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que el non escapou de ningún debate, simplemente foi correcto, porque para nada está na orde do día o asunto que pretende tratar o Sr. Gómez Pérez. Non será el como portavoz ni ninguén do seu grupo, quen questione o pretendido dereito dun membro do grupo de reclamar o que el pensa que son os seus dereitos.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que este expediente de modificación de crédito é anterior á solicitude que formulou o Sr. Freire Couto. Di isto por se tiñan pensado votar a favor deste expediente, que nada ten que ver coa cuestión que formulou o Sr. Gómez Pérez. A solicitude do Sr. Freire Couto estase a estudar por parte da Secretaría Xeral e da Intervención, e con ela o único que se vai facer é aplicar a legalidade, nin máis nin menos. Hoxe é 28 de xuño e alégrase de que tivesen coñecemento dese escrito 23 días despois, e reitera que con el se vai aplicar a legalidade. A oposición está no seu dereito a enfadarse, igual que el tolera que o Sr. Gómez lle diga que tolera que lle metan este escrito. Manifesta que el non é quen para prohibirlle a ninguén que presente un escrito nesta Deputación.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		
Aplicación orzamentaria	Expresión	Importe €
42211/202.00	Arrendamento de locais	15.000,00.-
42211/212.00	Reparación edificios e outras construcións	15.000,00.-
42211/221.00	Subministración enerxía eléctrica	36.000,00.-
42211/221.03	Subministración de combustibles e carburantes	30.000,00.-
42211/222.00	Servizos de telecomunicacións	9.500,00.-
42211/226.14	Centro Agrogandeiro Xinzo	25.000,00.-
42211/227.00	Limpeza e aseo	8.900,00.-
42211/227.06	Estudos e traballos técnicos	5.000,00.-
42211/227.10	Gastos diversos feiras e exposicións	8.000,00.-
42211/622.00	Investimentos reais en edificios e outras construcións	90.000,00.-
Suma de suplementos de crédito		242.400,00.-
RECURSOS UTILIZADOS		
Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais		242.400,00.-

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE ALTERACIÓN DOS TERMOS MUNICIPAIS DE OURENSE E BARBADÁS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que na comisión se lles quedou de pasar o informe a aínda non dispoñen del.

O Sr. presidente dille que non só se lles facilitou o informe, senón que se lles remitiu copia do expediente completo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e por unanimidade dos vinte e catro deputados presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

- Infórmase favorablemente o expediente de modificación da liña límite entre os termos municipais de Ourense e Barbadás (expediente 333/2006, instruído polo Negociado de Planeamento Urbanístico do Concello de Ourense).

8º.- DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DE COMPETENCIAS PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o seu grupo vai manter a mesma postura que no Pleno do mes de abril, no que lle propuxeron ao Sr. presidente que lles abriera o debate respecto do modelo da Banda de Gaitas ás entidades culturais e musicais. Quedou claro naquel pleno que a aposta do Partido Popular é continuar cun modelo que non ten nada que ver coa nosa realidade e que está a suplantar os trazos de identidade cultural do noso país. En consecuencia, aínda que sexa unha cuestión procedimental, manterán a mesma postura, que é a abstención.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que, para constancia de todos, esta ordenanza e a do punto seguinte da orde do día, foron aprobadas tralo ditame da comisión correspondente e publicadas durante o prazo de 30 días hábiles, durante os cales non houbo ningunha alegación ou reclamación nin por parte de particulares nin de partidos políticos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día seguinte á entrada en vigor da Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

9º.- DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DE COMPETENCIAS PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DA REAL BANDA DE GAITAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo

1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día seguinte á entrada en vigor da Ordenanza reguladora da Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

10º.- BAIXA DA DEPUTACIÓN NA REDE DE ENTIDADES LOCAIS + BIODIVERSIDADE 2010.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pide que se debata conxuntamente este punto e o seguinte, aínda que se voten por separado.

O **Sr. presidente** somete a votación esta iniciativa, que é aprobada por unanimidade.

Continúa o **Sr. Iglesias Pérez**, dicindo que hai escasas datas, o Sr. presidente (catedrático sacando noticias en prensa a bombo e pratriño), presentaba a "Rede ourensá de municipios cara á sostibilidade", recollida no Plan OU 92, que máis que polo número de concellos da provincia, parece que se quere volver aos estándares dese ano porque se estaba mellor do que estamos agora. O Sr. presidente destacou que a Deputación de Ourense é a primeira de Galicia que lidera unha iniciativa medioambiental "en rede" a prol do desenvolvemento sostible dos concellos. Non lle quitan a razón, o Sr. presidente lidera a primeira iniciativa formulada por unha institución na que para a sustentabilidade vai utilizar veneno para limpar as estradas, algo no que o Sr. presidente é pioneiro (nesta e noutras moitas cousas). Esta é unha actividade sen parangón con esta nova forma de tratamento da biomasa. Isto xa se debateu no último pleno no que se aprobou o protocolo de xestión, e o protocolo de xestión que realmente se está a facer é o seguinte: operario montado en Pick-Up (no que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

claramente se vía o rótulo da Deputación Provincial) con bomba de tratamento de fitocidas unida á manguera correspondente, rematada nunha lanza de aplicación; operario sentado na praza do condutor, man dereita no volante, catro intermitentes, man esquerda pola ventaiña co aparello de dosificación pegado á cuneta. Este é o protocolo de xestión de biomasa que se puido ver o día de onte nunha estrada da provincia. O portavoz do Grupo Popular dicía naquel pleno que a aplicación de fitocidas en ningún caso ía ser de forma xenérica e ía ser en determinadas circunstancias. O BNG preguntou por escrito cales ían ser eses puntos de actuación, a resposta que lle deron foi: será de aplicación en todas as estradas de titularidade provincial, é dicir en 1.840 quilómetros. Ao seu grupo parécelle que vai ser aplicación xeneralizada, pero como ultimamente se equivocan igual se equivocan nisto tamén. É inaudito que unha institución, que di defender un goberno ambiental, transversal e interactivo, unha economía verde, que pon en marcha o Observatorio da Sostibilidade do Medio Ambiente, que é a quinta esencia do ecoloxismo, decide, dentro da coherencia á que nos ten acostumados, darse de baixa na Rede de Entidades Locais + Biodiversidade 2010 e da Rede de Cidades polo Clima, para aforrar un pouco de diñeiro (moito menos do que reclama o Sr. Freire Couto) que forman parte da FEMP, que agrupa a todos os municipios de España. Con isto estámoslle dicindo á FEMP que isto non serve para nada. O que se di é que non houbo avances significativos neste ámbito durante todos estes anos, e que os que houbo (se houbo algún), foron grazas á iniciativa da Deputación. Digámoslle claramente á FEMP que estas cousas non serven para nada, porque é o que estamos a dicir. Non digamos que isto é por un aforro de cartos, o importante é facer efectivo o Observatorio e a Carta Aalborg.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Sr. presidente intenta sentar cátedra nos medios, pero non o fai. O Sr. presidente dixo nos medios de comunicación que esta Deputación é o máis do máis, que se vai cumprir con todos os parámetros, e el pensa que isto é un ecoloxismo de 2.0 ao que nos ten acostumados no que queda moi ben diante dalgunhas persoas, pero a realidade é outra. En canto aos herbicidas, non vai entrar en cuestións técnicas porque non as coñece, pero da información que buscou quita a conclusión que non se garante para nada que sexa beneficioso para as persoas nin para entorno. A responsabilidade medio ambiental é de todos, e esta institución está a transmitir un mal exemplo a outros ámbitos co uso dos herbicidas, porque as persoas que ven como se bota o herbicida non ven se é máis ou menos daniño. O seu grupo cre que isto é unha mala práctica e así o denuncian. Se aforro son 600 euros/ano e a información que se dá é porque, ao parecer, nin sequera saíamos na páxina web, o que había que facer era esixir isto e esixir que cumpran

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

coas súas obrigas, igual que a Deputación cumpre as súas pagando. Ao seu grupo non lle vale que se defenda que se sae disto por un aforro económico, a non ser que lle dean outro tipo de explicación. Anuncia que, en principio, votarán en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non sabe de onde sacaron que a Deputación se dá de baixa só por criterios economicistas. Xa se explicou na comisión que os técnicos da Deputación concluíron que pertencer a estas dúas redes non serve para nada. O grupo de goberno entende que neste momento non é para nada útil pertencer a estas redes, e esta é a razón. Que non saia o presidente na web é un *chascarrillo* da oposición. Todo isto do que falamos está perfectamente cuberto no Observatorio da Sostitibilidade (a Deputación foi a primeira de Galicia e a oitava de España en crealo). A cuestión dos herbicidas xa se debateu amplamente hai un mes, pero parece que a oposición ten que buscar no fondo de armario para poder falar. Nese asunto estase a facer o que din os técnicos de acordo co protocolo que se aprobou, e se alguén ve que iso non se cumpre ten a obriga de denunciálo. Lembrando aquel debate di que a el tamén lle fixo graza que a alternativa do BNG fose o vapor de auga e un lanzachamas.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que o portavoz do Grupo Popular di que non ven ao caso debater cousas de hai un mes, e o Sr. Zapatero e o bipartito xa hai tempo que non gobernan pero saen no pleno todos os meses. El non é experto en nada, pero hai un protocolo de xestión que aprobou o grupo de goberno, á parte de 30.000 euros que lle ían dar a unha empresa para que dese unhas nocións sobre a utilización (non sabe se isto se fixo ou non) pero non cren que a empresa dixera que a aplicación se facía da forma que el describiu na súa intervención anterior, moito máis nunha vía onde pasa perfectamente unha rozadora de brazo. Para isto non hai que ser experto, só hai que pensar coa cabeza. Anuncia o voto en contra porque pensan que este non é o momento destas baixas, xa que somos tan sostibles medioambientalmente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen acritude, como diría Felipe González (por lembrarse doutro), as nosas obras fan que se sexamos escravos delas no futuro, por iso cita a Zapatero, ao que, por certo, defende máis o BNG que o Grupo Socialista. Di que citar o que se debateu hai un mes é repetirse, se hai algunha nova dise e se se comproba que non se cumpre o protocolo hai que denunciálo. Os acordos que se adoptan no Pleno da Deputación hai que executalos, gusten ou non gusten. Para finalizar pide respecto coa orde do día do Pleno.

Intervén o **Sr. presidente** para reforzar a idea de que en ningún caso estas baixas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

obedecen a criterios de aforro ou de carácter economicista, senón que, tendo en conta iniciativas que se adoptaron unánimemente como a posta en marcha do Observatorio da sostibilidade, cren que é perfectamente prescindible estar nestes órganos. Pensou que o grupo do BNG ía aplaudir esta decisión de saír de órganos que pertencen a unha Federación Española. En canto ao protocolo aprobado de xestión da biomasa nas estradas provinciais, di que se está aplicando e mesmo alcaldes ou responsables de concellos (de todos os grupos políticos) dinlle que incluso eles o están aplicando na súa xestión municipal e que están de acordo co que aprobou esta Deputación. Aquí non se intenta sentar cátedra de nada, nin sequera mediaticamente, e dille ao Sr. Gómez Pérez que xa estamos na época do 3.0 e a punto de volver á seguinte. Estas baixas non son por non saír nunha páxina web que, por certo, quen aínda non sae na páxina web, con relación aos indicadores de transparencia, son os datos biográficos de cinco deputados do Grupo Socialista, empezando polo seu portavoz.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Dar de baixa á Deputación Provincial de Ourense na Sección da FEMP denominada Rede de Entidades Locais + Biodiversidade 2010, con efectos do 1 de xaneiro de 2014.

11º.- BAIXA DA DEPUTACIÓN NA “RED DE CIUDADES POR EL CLIMA”.-

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Dar de baixa á Deputación Provincial de Ourense na Sección da FEMP denominada “Red Española de Ciudades por el Clima”, con efectos do 1 de xaneiro de 2014.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A REAPERTURA DO MATADOIRO MUNICIPAL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO, RESPECTANDO OS DEREITOS DOS TRABALLADORES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en canto ao que dixo o Sr. presidente sobre a páxina web, dille que máis tarde lle vai dar a risa do ben que se xestiona a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

páxina web desta institución. En canto á moción, di que desde o mes de setembro de 2012 o matadoiro municipal que serve á comarca do Carballiño se atopa pechado (di isto para que non se diga que é culpa de Zapatero, e por se acusan ao Grupo Socialista que de non defendelo, pero este expresidente non sae facer o indio como fan outros, poñendo en risco cuestións relacionadas co país, que non quere nin nomear porque lle resulta innomeable). Di isto por poñernos en antecedentes, porque anteriormente tamén había un goberno socialista no Carballiño e ao mellor se lles di que non son quen de tratar este tema que está relacionado cunha comarca gandeira moi importante da nosa provincia, polo que o Grupo Socialista é quen de tratar este asunto, máxime estando sentado enfronte o alcalde do Carballiño, xa que o matadoiro depende tamén dese concello. A situación é que desde o mes de setembro o matadoiro permanece pechado por unha avaría técnica, e dos 9 traballadores que había só un está recolocado, as outras 8 persoas están no paro. Dille ao Sr. presidente que menos observatorios e que patee máis as rúas e así os veciños o poderán informar dos problemas. Con isto ao mellor o que hai é a intención de deixalo nas mans dunha empresa privada, creando o antecedente de que isto non é viable e así poder privatizar os servizos públicos. Aínda que iso fose así, pide que se lles aclare aos traballadores a situación e non quedar sumidos na inoperancia. Son coñecedores de que o alcalde do Carballiño está a facer xestións no sentido da privatización, e os traballadores están fartos de mentiras e incumprimentos e esa é a realidade. Estamos falando dunha cuestión que non só afecta a eses traballadores, que no paro cobran 450 euros menos do que estaban a cobrar, senón que afecta tamén aos concellos da zona e a todas as persoas relacionadas con esa industria. Cren que esa inoperancia na que está sumido o alcalde do Carballiño ten a finalidade de privatizar este servizo. Para que non se lles tache de oportunistas, e porque queren ser o mais rigorosos posibles con temas que afectan a traballadores e a familias (dálle a razón ao Sr. presidente en que as persoas non son números) aos que non lles importa que ten a culpa ou como se quitan as estatísticas, van dar a oportunidade de escoitar o que ten que dicir o grupo de goberno, para ver se lles garante unha solución a eses traballadores, polo que estarían encantados de ter presentado esta moción. Isto non é só responsabilidade do alcalde do Carballiño, senón que tamén o é dos outros alcaldes da comarca, polo que o seu grupo formula a adopción dun acordo de crear unha comisión formada polos tres grupos políticos e os alcaldes da comarca do Carballiño (que os hai de todas as cores) coa finalidade de buscar unha solución para a reapertura do matadoiro e poder así prestarlles este servizo a todos os veciños/as da comarca, respectando os contratos e garantindo os dereitos laborais dos traballadores adscritos ao servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que a posición do BNG é moi clara a este respecto. O BNG pediu en maio de 2013, a través dunha moción no concello do Carballiño (á que non puido asistir a portavoz do BNG no Concello por indisposición), a reapertura inmediata do matadoiro do Carballiño para prestarlles este servizo a todos os veciños e veciñas do concello e da bisbarra. Asemade, solicitaron que fose un servizo público, xestionado directamente por persoal do Concello, para evitar así gastos a intermediarios, e que as taxas aos/as seus usuarios/as sexan o máis baixas posibles. Cómpre lembrar que o matadoiro leva pechado desde setembro de 2012 por unha avaría, derivada da explosión dunha caldeira, privando así a todos os/as carniceros/as e/ou particulares dun servizo tan básico e importante como este, ademais da perda de postos de traballo precisos para o correcto funcionamento das instalacións, co que os/as carniceros/as vense abocados a ter que recorrer a outros matadoiros da provincia co conseguinte gasto engadido. O matadoiro ven sendo xestionado desde hai 20 anos por unha sociedade de 23 carniceros/as da comarca e que o dito convenio entre o Concello e a sociedade está caducado polo que é o momento de recuperar a xestión para o concello e que esta sexa totalmente pública. Non podemos esquecer que hai un dato que convén coñecer: a maior parte dos carniceros están fisicamente na praza de abastos, polo que a potenciación desta supón a potenciación deste sector.

D. Argimiro Martones Fernández, do Grupo Popular, saúda a todos en xeral, e a algún extraballador do matadoiro que está presente neste salón. As explicacións que vai dar espera que dean contestación a quen o tacha de inoperante e á mala información que existe en relación con este asunto, sempre coa palabra legalidade. Di que quen redactou esta moción (supón que non sería o que a asinou porque lle confire máis capacidade para facelo) non ten idea nin de cerca sobre o que está a suceder no matadoiro do Carballiño. Dicir que existe un convenio entre unha sociedade e o Concello é simplemente falso, posto que o que existe é unha concesión administrativa desde principios dos anos noventa e todos saben o que é unha concesión administrativa, que nada ten que ver cun convenio. Non sabe se outros matadoiros doutros puntos da provincia teñen capacidade os seus secretarios ou os seus interventores de darlle para diante a través dun convenio ou a través dunha concesión administrativa, que é o que legalmente procede. Dicir que está vixente é a segunda falsidade, pois, en primeiro lugar, tense rematado no ano 2007 e non foi ata o ano 2009, dous anos desde que tería que ter rematado, cando se lle ampliou a concesión ata o ano 2010, continuando en precario ata o ano 2012, e non cabía outra prórroga, pois xa se fixo unha no seu momento. Dicir, como se afirma

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

na moción, que o concello do Carballiño non loita pola reapertura do servizo do matadoiro e que ademais existe inoperancia do seu alcalde, é a seguinte falsidade, pois desde xuño do ano 2011 (data na que tomou posesión como alcalde) ten falado e estado co representante da concesionaria en infinidade de veces, na procura dunha solución definitiva a unha situación de precariedade que viñan sufrindo. Este servizo estaba privatizado a través dunha concesión administrativa, non era un servizo público directo do concello. A día de hoxe, a empresa concesionaria debe o canon dos anos 2010, 2009 e o derradeiro trimestre do ano 2008, por un importe total de 30.050,60 €, que non lle son reclamados ata maio de 2012 por resolución da Alcaldía, motivada polo procedemento administrativo incoado pola oficina de recadación do concello. Tiñan a obriga de reclamarllo, non fora ser que prescribise como se prescribiron uns tres millóns e medio de euros no concello por falta de cobro. Naquel momento, o 75% do diñeiro que lles debía o Concello do Carballiño ás entidades financeiras, foi motivado por unha mala xestión no cobro dos seus tributos. Este é un récord de inoperancia, incompetencia e ineficacia dos gobernos socialistas dos últimos 16 anos cos seus alcaldes Pachi Vázquez e Carlos Montes á fronte (Zapatero non pasou polo matadoiro do Carballiño e non tivo nada que ver con isto), época na que só os despistados pagaban a recadación do concello. Todos saben que o servizo de matadoiro non é un servizo obrigatorio para os concellos, e o Concello do Carballiño, titular desta infraestrutura, non ten máis medios para a reapertura deste servizo que por medio dun novo procedemento administrativo, procedemento aberto, como non pode ser doutro xeito, ao tratarse de facer por un número considerable de anos. En setembro de 2012 sucedeu o que ninguén desexaba, a caldeira de gasóleo non se avariou, estoupou, e algún cascote chegou a máis de 400 metros, coa sorte de que ningún traballador estaba nese intre no lugar, senón podería ter sido unha catástrofe. Este feito, motivado por un nefasto mantemento da instalación (que lle correspondía á concesionaria), foi o detonante da situación actual. Os traballadores tiveron que deixar de selo, ao verse obrigados os seus patróns a deixar unha instalación que non podía ser utilizada, non porque se lles esixira desde o concello, senón porque estoupou a caldeira, causa pola que o lugar se fixo inútil para o seu cometido. A empresa concesionaria podía ter arranxado o problema e seguir co servizo, pero non se seguiu ese camiño. Desde ese momento intensificáronse as conversas, e unha vez asesorados polo equipo técnico e xurídico do concello, tomouse unha decisión, e sobre esta decisión estase a traballar desde o Concello do Carballiño, que é a quen lle corresponde. Asinouse un acta de recepción das instalacións por parte do concello, onde se reflicte a falta da caldeira como incidencia principal, e sobre a que se fai responsable a propia empresa adxudicataria do servizo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

asinando a conformidade na dita acta. Redáctase un proxecto técnico sobre as melloras que se deben facer na instalación para o seu correcto funcionamento e que será unha parte máis do prego de condicións técnicas do concurso público, pois obrigaráselles aos adxudicatarios que resulten do concurso a realizalas pola súa conta e nun tempo determinado. Polo tanto, non só está tomada a decisión, senón que se está avanzando nela e pronto estará o concurso público en marcha. Respecto do que se pide na moción de crear unha comisión formada por tanta xente (alcalde, representantes políticos, etcétera) para a busca dunha solución, hai que descartala por completo, pois só lle compete ao Concello do Carballiño reabrir esta infraestrutura. Pregúntase se con esta comisión se pretende que os concellos axuden a pagar a débeda de 30.000 euros que unha empresa ten co Concello do Carballiño. Pregunta a qué contratos se refiren cando din “respectar os contratos”. Pregunta tamén se pretenden que se contrate unilateralmente con alguén en concreto, polo feito de que viñan facendo un traballo, sen ter pasado polo procedemento administrativo correspondente. Este servizo se ten que dar a través dun concurso público e oxalá que a este concurso se presenten os carniceros do Carballiño ou da súa comarca, e oxalá sexa a oferta mellor valorada. Pero isto só pode ser un desexo, pois hai que proceder ao oportuno concurso, non se pode facer doutro xeito. Respecto dos dereitos dos traballadores, que hoxe están no paro, e que sen lugar a dúbidas é a peor parte desta historia, seguro que teñen a experiencia máis que suficiente para ser traballadores de quen sexa adxudicatario, pero isto tamén é un desexo, pois non pode ser unha obriga. Se puidese selo, que non lles caiba ningunha dúbida de que sería unha das condicións obrigadas do prego. Pero hoxe non pode garantir nada, xa que non se pode poñer como obriga no prego a esixencia de volver contratar a estes traballadores, posto que non o permite a legalidade. Só se pode garantir que se reabrirá o matadoiro do Carballiño se alguén resulta adxudicatario do concurso público, xa que o concello non porá este servizo en marcha se non é por este procedemento, pois o outro sistema sería facer un servizo público e ao non ser un servizo obrigatorio non se podería contratar xente, porque a lei non permite facer contratacións de persoas para un servizo que non é obrigatorio dun concello. Polo exposto, e por todo o que suma ao sentido común, rexeitan esta moción e, por outra banda e para que o saiban os carniceros do Carballiño e os traballadores que hoxe están no paro, a solución pasa polo concurso público e, nese eido, sacárase o concurso por parte do Concello do Carballiño tan pronto como se peche o expediente. Como data estimativa di que será a finais do mes de xullo cando se publiquen as bases e os tempos serán os mínimos que marque a lei para a súa resolución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que el non coñece o Concello do Carballiño como o Sr. Marnotes, pero unha vez oídas as explicacións xa non sabe se o que explicou é así ou non, porque non entende tanta contradición. Por un lado se di que este concello non ten competencias, pero por outro lado di que o concello ten a responsabilidade de arranxalo, e disto podemos deducir que se o concello non arranxa este problema o seu alcalde é un irresponsable. Se este problema ven desde setembro do ano 2012 non lle pode botar as culpas aos anteriores alcaldes. Saben que isto é unha concesión administrativa pero estas concesións as fixo unha administración pública, que é quen a ten que regular os acordos desa concesión. Se iso se produciu en 2012 algunha responsabilidade terá o actual alcalde do concello. Os anteriores terían as súas responsabilidades, pero como sempre se di aquí os cidadáns xa poñen a cada un no lugar que lle corresponde, aínda que está seguro (e non é vidente) que o actual alcalde só vai estar catro anos no concello visto o visto (refírese á festa dos maiores de días pasados como exemplo), porque se alguén sabe que a Xunta de Galicia non cumpre o seu obxectivo con respecto a unha festa o que ten que facer é comunicalo. Pregúntalle ao Sr. Marnotes se xa está encargado o proxecto que se lles anunciou aos traballadores. Dille tamén que lles puxo prazo aos traballadores para a reapertura e agora non os recibe e pregúntalle por que non mirou a legalidade antes de ofrecer o que non podía facer. Co relatorio que se fixo parece que todo o mundo ten a culpa do peche menos o alcalde do Carballiño e algunha terá. Sabe que aos que gobernan os concellos se lles acusa ata da morte de Manolete, ás veces inxusta e outras xustamente, pero neste caso o alcalde do Carballiño ten as súas responsabilidades, que para iso foi elixido (reitera que só vai ser por catro anos). Cre que vai deixar hoxe máis preocupados aos traballadores que o outro día no Pleno do Carballiño, porque nun sitio di unha cousa e noutra outra distinta. Nunca propuxo que os concellos pagasen nada, o que propón o Grupo Socialista é que a solución pode pasar porque o matadoiro sexa comarcal, aínda que a responsabilidade sexa do Carballiño, ás veces (como cacarexa o Grupo Popular) a unión fai a forza. Se é un pouco mal pensado, pode dicir que ao alcalde do Carballiño non lle interesa porque é unha comarca que non controla politicamente o PP ao 100%, porque están rexeitando unha proposta que non ten ningún compoñente que fose contrario ao que poida axudar a solucionar este problema. Con isto caben dúas cuestións, ou non se quere facer por motivos políticos ou non se quere resolver o problema. Dille ao Sr. Marnotes que se deixe de legalidade (porque cuestións de legalidade tamén pasan por saber que temos que aboar facturas, cando se presentan por un servizo e cando non se presentan pero o servizo está feito) e que lles solucione os problemas aos traballadores que son veciños seus.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que repetir o que xa se dixo será estar reiterando sobre o mesmo. Pídelle ao Sr. Marnotes que xestione, que para iso se puxo á fronte do Concello do Carballiño, porque unha caldeira non pode impedir que tantas persoas estean prexudicadas, e á xente pouco lle importa a burocracia e o papelame senón que lle interesa que se lle solucionen os problemas, e iso é o que ten que facer, xestionar para poder abrir canto antes o matadoiro. Anuncia que van apoiar a moción, á que engadirían que ademais dos grupos políticos, na comisión participen tamén os representantes sociais e buscar unha solución acaída para todos.

D. Argimiro Martones Fernández, do Grupo Popular, pensa que a explicación que deu na súa intervención anterior é clara e contundente. Desde o Concello do Carballiño se está intentando resolver este problema, e isto é evidente porque xa se deron prazos concretos para a súa resolución. Para que os traballadores actuais puidesen seguir como traballadores do matadoiro só había unha posibilidade, que era que antes de que pasara nada na instalación houbera xa un procedemento administrativo aberto no que se recollese que había unha continuidade. Que a ninguén lle caiba a menor dúbida de que se existe o mínimo de legalidade para poder poñer no prego que sexan os mesmos traballadores, el é o primeiro interesado, porque ademais lle consta que son bos profesionais e o bo labor dos carniceros pasaba por esta profesionalidade. Reitera que a única forma de volver abrir o matadoiro é a través dun concurso público para unha concesión administrativa. Dille ao Sr. Gómez Pérez (que sempre di non quería dicir pero sempre acaba dicindo) que el sempre fala da legalidade en todos os aspectos, e dentro da legalidade se está xestionando este expediente. A sociedade de carniceros do Carballiño ten unha débeda de 30.000 € co Concello e para poder presentarse ao concurso ten que pagar a débeda, porque ninguén se pode presentar a un concurso no concello do Carballiño se ten unha débeda con el. O desexo do grupo de goberno do Carballiño é que se presenten os carniceros da comarca e que a súa valoración sexa a mellor, pero ten que ser a través dun concurso público que cumpra coa legalidade. Reitera que as bases saíran a finais de xullo e que se porán os prazos mínimos posibles para resolver o expediente. A partir de aí haberá un adxudicatario e o matadoiro abrirá, se queda deserto e non hai adxudicatario o concello non o pode abrir como un servizo público, porque non hai ningún traballador que estea cualificado para levar un matadoiro e non se podería contratar a ninguén por non ser un servizo obrigatorio por lei. Esta é a situación e sobre ela se está a traballar.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que cando chegou a esta Corporación alguén intentou “amedrentalo” polas cuestións que expón nos plenos, e quere

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

aclararlle ao Sr. Marnotes que quen dixo publicamente o das facturas foi el e non o portavoz que fala, ademais o Sr. Marnotes está imputado e isto tampouco o di o portavoz que fala senón que o di un xuíz. Tamén lembra que o Sr. Marnotes ten dúas sentenzas en contra por despedimentos por discriminación política. Por isto pode poñer os exemplos de legalidade que queira, pero o que ten que facer é buscarlles unha solución ás persoas que están sentadas hoxe no pleno e aos que non están tamén. Non vai entrar en cuestións distintas para desvirtuar o debate, a non ser que o busque, porque se o busca dialecticamente ten bastante que perder. O Sr. Marnotes di que é unha concesión administrativa e que a ten que sacar a concurso e isto el non o rebate, o único que di é que a solución pasa polo alcalde do Carballiño, pero non poñéndolles prazos ás persoas e despois dicir que non son eses prazos. Cre que está sendo bastante prudente, porque non lle gusta facer demagogia con este tema xa que estamos a falar de persoas. Se este debate serviu para que polo menos os traballadores se vaian de aquí sabendo que a finais de xullo este tema pode ter unha solución viable, dáo por bo e isto é o que hai que valorar. Non entra noutro tipo de debates e lembra que el mesmo foi o que pediu noutro pleno que se respectase a presunción de inocencia ata que o xuíz se pronuncie e non pediu a dimisión do Sr. Marnotes.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

13º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2013 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2013.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de marzo de 2013 e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de febreiro del 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

14º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2013 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 1º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2013.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de marzo de 2013 e dos seguintes adicionais: 1º de xaneiro e 1º de febreiro de 2013.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

15º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que hai unha moción de urxencia, presentada polo Grupo Socialista, para instar ao goberno central a manter as liñas de tren actuais e reclamar do Ministerio de Fomento un compromiso formal sobre as previsións da chegada do AVE a Ourense cidade, e pide o pronunciamento sobre a urxencia neste debate, que é aprobada por unanimidade, polo que procede tratar a seguinte moción:

15ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A MANTER AS LIÑAS DE TREN CONVENCIONAL ACTUAIS NA PROVINCIA E RECLAMAR DO MINISTERIO DE FOMENTO UN COMPROMISO FORMAL SOBRE AS PREVISIÓNS DA CHEGADA DO AVE A OURENSE CIDADE.-

O Sr. presidente cédella a palabra á Sra. Morenza Doforno para que expoña o contido da moción.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que o seu grupo pensa que a situación de illamento á que é sometida constantemente a provincia de Ourense non pode ser unha coincidencia. Resulta inconcibible que sexa Ourense unha das provincias máis castigadas nos últimos anos polos gobernos do PP. No PSdeG néganse a aceptar con resignación o progresivo desmantelamento dos servizos públicos do que somos vítimas tódolos cidadáns. O tren convencional é só un dos puntos sobre os que a política de recortes do Partido Popular puxo o seu dardo envelenado. O progresivo desmantelamento do ferrocarril ten unhas consecuencias devastadoras nunha provincia eminentemente rural. A capacidade de movemento a través do tren vaise converter nunha posibilidade case residual para os ourensáns e ourensás. Os datos son ilustrativos da progresiva diminución das frecuencias, pois a supresión de trens deixa a Ourense sen 100 viaxes semanais. É de todos coñecida a supresión da liña de media distancia entre Ourense e Pobra de Sanabria, posto que foi o grupo provincial do Partido Popular o que amosou a súa postura contraria á eliminación deste servizo a principios deste ano a través duna reivindicativa moción. Pero o suma e segue dos *tesoirazos* do Partido Popular non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

quedan aí, senón que abarcan a outros servizos de conexión ferroviaria da provincia: anuláanse 14 servizos semanais de comunicación con Vigo; elimínanse 6 servizos da liña Ourense-Monforte, interrómpanse 26 servizos no traxecto Ourense-Carballiño-Santiago, péchanse apeadeiros (ao redor de 13); suprimense paradas en diversas liñas da provincia., e suma e segue. A cidadanía de Ourense verá así cortada a súa mobilidade a través da conexión ferroviaria convencional: moitos/as traballadores/as non poderán seguir utilizando o tren para acudir aos puntos de destino, o mesmo lle ocorrerá aos estudantes e tamén a viaxeiros que se desprazan para ir ao médico ou facer trámites administrativos. A esta situación de desmantelamento do servizo de tren convencional súmase a indefinición que manteñen tanto o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e a propia ministra de Fomento, Ana Pastor, sobre a concreción do proxecto da alta velocidade para Ourense. Hai tan só uns días (o 21 de xuño de 2013) o PSdeG reclamoulle un compromiso por escrito ao Ministerio despois de coñecerse un informe interno de Adif no que se especifica que o trazado entre Taboadela e Ourense sería de unha soa vía e aproveitaríase a vía tradicional para o tramo de entrada na cidade, en lugar da variante exterior. E como colofón no informe anúnciase o aprazamento da estación ferroviaria do AVE ata despois do horizonte do ano 2018. En suma, unha afronta máis contra a cidadanía da provincia de Ourense. Neste controvertido informe contéplase un investimento de 0 euros para a estación do AVE en Ourense, mentres que si hai orzamento para as de Vigo e Santiago. A Deputación de Ourense non pode permanecer impasible ós continuos agravios que padece a cidadanía ourensá no desmantelamento do servizo de tren convencional nin ante o futuro incerto da chegada con criterios de calidade e en condicións de igualdade da alta velocidade. Dende a Deputación de Ourense debe manterse unha postura belixerante ante as reiteradas restricións ás que nos someten os gobernos do Partido Popular, tanto na Xunta coma no Goberno Central. Pero ademais a Deputación, coma institución que representa aos 92 concellos da provincia, debería sumarse á Plataforma en Defensa do Tren, que se constituirá o vindeiro 1 de xullo. Aínda estamos a tempo. O obxectivo desta plataforma pasa por paralizar as medidas que suprimen trens en todas as liñas da provincia. Por isto a proposta de acordo é: instar ao Goberno Central a deixar sen efecto o plan aprobado en Consello de Ministros de 28 de decembro de 2012 sobre a supresión de servizos de transporte de viaxeiros nas liñas Ourense-Vigo, Ourense-Monforte-Valdeorras-Ponferrada, Ourense-Pobra de Sanabria e Ourense-Carballiño-Santiago; reclamar ao Goberno de Madrid un compromiso formal sobre a chegada o AVE a Ourense (dobre vía para o trazado a Ourense, manter a variante exterior e que se respecten os prazos para a construción da estación ferroviaria na cidade); que a Deputación se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

adhira á Plataforma en Defensa do Tren, que se constituirá o 1 de xullo para paralizar a supresión de trens en tódalas liñas da provincia de Ourense. Explica que traen esta moción porque en Madrid non lle fan caso á Deputación de Ourense, por iso traen por terceira vez unha moción relacionada co ferrocarril convencional. Tamén a traen porque o pasado venres (hai tan só unha semana) coñecía-se un informe interno no que se falaba das contradicións que existían entre o que dixo a ministra o 19 de abril nunha visita que fixo a Ourense, na que tamén estivo Agustín Hernández, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o alcalde de Ourense e o informe de ADIF, por iso piden na moción ese compromiso formal. Por último, a actualidade da moción está argumentada no feito de que no mes pasado nin tampouco en xaneiro se coñecía que se ía crear unha plataforma en defensa do tren ante o agravio que van padecer os ourensáns e as ourensás.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, adianta que van votar a favor da moción aínda que terían algún matiz con respecto ao acordo que se propón. Pensa que esta non será a última moción, á vista de que as novas van caendo pouco a pouco. O certo é que ata o de agora todos os grupos tiñan unanimidade na defensa do desmantelamento dos servizos ferroviarios na provincia. Chégase a acordos pero os compañeiros do grupo de goberno en Madrid fan o que lles dá a gana, e unha de dúas, ou non se lles dá traslado dos acordos que se toman nesta Corporación ou non lles fan caso ningún. Isto demostra que existe unha intención clara do Partido Popular a nivel estatal, que é a privatización deste servizo (como moitos outros) agochada nese plan de racionalización dos servizos ferroviarios, cuns obxectivos concretos: liberalizar o servizo ferroviario de viaxeiros a 31 de xullo de 2013, adiantándose mesmo ás esixencias da Unión Europea; eliminar as liñas que economicamente non son rendibles (na nosa provincia a liña Sanabria-Ourense); deixa ao albor do Goberno a decisión de que liñas teñen a consideración de servizo público. Este plan aséntase sobre unha premisa que incumpre flagrantemente: asegurar a mobilidade dos cidadáns, a través dunha oferta intermodal, que combine servizos ferroviarios con servizos de transporte regular de viaxeiros por estrada. O Goberno do Partido Popular, coa escusa da crise económica, está eliminando un medio de transporte que ademais de vertebrar o territorio, economicamente sostible e que nalgúns partes da nosa provincia é o medio fundamental de transporte e único para poder facer multitude se xestións, como todos sabemos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai entrar nas consideracións apocalípticas da Sra. Morenza Doforno, aínda que está seguro de que na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

realidade non é así, o que pasa é que escribe así. Lembra que hai un mes xa se falou deste tema e adoptouse un acordo. Adiante que van votar en contra desta moción, porque non se vai estar todos os días aprobando o mesmo. En canto ao punto segundo de reclamarlle ao goberno de Madrid un compromiso formal sobre a chegada do AVE a Ourense, di que os compromisos xa están aí, e a variante exterior e a reivindicación dunha estación digna para Ourense tamén están aí. En canto á plataforma, di que hai que ser prudentes e deixar que se constituía, xa que na moción se pretende adherirse antes de que se constituía. A racionalización dos servizos ferroviarios en Galicia é unha medida reflexiva, por riba de intereses partidarios e ideoloxías, frase do anterior ministro Sr. Blanco (nalgún momento Pepiño, despois Pepe e don José) que exerceu de galego, que dicía alá por xullo do ano 2010: *“debemos plantexarnos a prestación dos servizos ferroviarios de modo que sexan sostibles, social e medioambientalmente. Quero deixar claro que esta non é unha cuestión de rendibilidade económica. Se se tratase diso non tería sentido a prestación de boa parte dos servizos ferroviarios existentes. Non se trata de rendibilidade económica. É polo tanto, e sobre todo, unha cuestión de rendibilidade social e medioambiental. Unha rendibilidade social que non existe cando os propios cidadáns abandonan esas liñas por alternativas máis eficientes en tempo e en custos, aínda admitindo que o servizo pode ser mellorado nalgúns casos e iso poida incentivar a demanda, o que nos demostran os estudos realizados é que hai casos en que, incluso con estas medidas, non hai demanda potencial por parte dos usuarios. Cando dicimos que o tren é un medio eficiente enerxeticamente, dicímolo sempre para supostos niveis de ocupación adecuada. Temos que entender que mover un tren de 170 toneladas para que circule practicamente baleiro é facer un dos usos máis ineficientes da enerxía e dos recursos públicos. O Estado ten a obriga, no marco das súas competencias, de garantir a mobilidade dos cidadáns e iso debe satisfacerse mediante aqueles modos que, asegurando un servizo de calidade adecuado, se axusten mellor á demanda existente e garantindo o mellor uso posible dos recursos públicos”*. Estas palabras demostran que a medida xa estaba decidida hai case tres anos. Non estamos pois ante unha decisión tomada á lixeira, nin ante unha cuestión ideolóxica, e moito menos un capricho que se poida atribuír a un determinado partido. É unha obriga, que xa se consideraba necesaria hai anos, que non se enfrontou no seu momento e que, como é obvio, agora resulta xa, de todo punto, urxente e inaprazable. As razóns desta medida son as que xa se percibían no ano 2010, cando o goberno socialista realizou un estudo para avaliar a eficiencia dos servizos ferroviarios fronte outras alternativas de transporte (basicamente o autobús e o vehículo privado). As medidas que se están a concretar en Galicia derivan das conclusións do estudo encargado polo executivo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

socialista, e mesmo foron atenuadas polo actual goberno. A través dese estudo, baseado en criterios obxectivos sobre os custos ambientais, custos externos e custos económicos, determínase a eficiencia fronte modos de transporte alternativos, determinando así o seu mantemento cando se trate de servizos deficitarios. A Sra. ministra de Fomento está a concluír o proceso que se iniciou no ano 2010 polo seu antecesor no cargo. Así pois, un goberno identificou o problema e mirou para outro lado. Agora, o goberno actual aborda o problema con realismo e con responsabilidade, por imperiosa necesidade. As medidas que ten previsto adoptar o Ministerio de Fomento son ben coñecidas por todos, e non se vai referir aos servizos da Coruña-Ferrol ou da Coruña-Vigo, pero si ao corredor de Vigo-Ourense, entre outros, onde se mantén o número de servizos, con tarifas rexionais en servizos de longa distancia. En canto ao corredor Santiago-Ourense, di que ata decembro de 2012 tiña 43 servizos semanais en trens rexionais, que se foron incrementando coa nova liña AVE e as lanzadeiras entre O Carballiño e Ourense; agora RENFE estuda manter 109 servizos nese corredor (14 en trens rexionais pola liña convencional, 67 en trens AVANT e 28 en lanzadeiras entre O Carballiño e Ourense). O corredor Ourense-Pobra de Sanabria é certo que é a única liña na que se suprimirá o servizo que existe actualmente. A única forma de manter o tren diario por sentido, consistiría en declaralo obriga de servizo público, debendo facerse cargo a Xunta de Galicia do déficit de explotación. Como xa se ten feito público, no ano 2011 utilizaron estes servizos da orde de 9.000 viaxeiros, o que supuxo uns ingresos de 37.400 euros; non obstante, os custos ascenderon a case 1.300.000 euros. Noutras palabras, cada viaxeiro foi subvencionado con preto de 140 euros. Non se poden subvencionar servizos ineficientes. Durante 16 anos, ata o ano 2010, destináronse arredor de 40 millóns de euros para manter servizos e frecuencia, na procura de lograr a súa reactivación e conseguir a súa sostibilidade. Nada diso se acadou. Eses servizos continuaron sendo deficitarios e, en moitos casos, mesmo se incrementou a súa ineficiencia, razón pola que a Xunta de Galicia decidiu non continuar coa súa achega. Temos a experiencia de 16 anos achegando arredor de 40 millóns de euros, para que nada cambiara na evolución dos servizos subvencionados, onde nin se chegaron a aproveitar o 15% das prazas ofertadas. E iso malia que entre os anos 2007 e 2010 se chegaron a incrementar os servizos nalgunha liña un 57%, logrando un aumento de apenas un 5% de usuarios no ano 2010. Polo tanto, non se pode alimentar unha espiral de subvencións aos servizos ferroviarios que unicamente ten dado como resultado maiores custos e menor eficiencia.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que ela non é apocalíptica, que só se limita a describir a realidade e o único que pretende o Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

Socialista é evitar o desmantelamento das liñas de tren convencional. Quere recalcar que Galicia é a comunidade onde o desmantelamento da vella vía se está producindo dun xeito máis desaforado. Está previsto suprimir 49 liñas de media distancia, entre elas Ourense-Monforte-Valdeorras-Ponferrada, Ourense-Pobra de Sanabria. O máis preocupante, o que deixará ao noso territorio carente de cohesión territorial é que os servizos suprimidos non se substituirán por outras alternativas, é o final do tren. Unha vez máis Galicia é a gran perdedora porque entre Madrid e Sevilla o AVE e o resto de trens de pasaxeiros circulan por vías diferentes. O mesmo ocorre co AVE entre Madrid-Zaragoza-Barcelona, pois ten unha liña independente que segue en uso. E estas mesmas previsións afectan á alta velocidade entre Madrid e Valencia e para a que chegará a Asturias. Deste xeito os galegos das localidades intermedias quedarán moito máis lonxe dos seus destinos, é dicir, illados, porque na maioría dos casos do rural ourensá nin sequera contan coa opción idónea e factible do bus de liña. En xaneiro a Deputación aprobou por unanimidade unha moción para evitar a supresión da liña Ourense-Pobra de Sanabria (claro está que de cara á galería). En maio outra moción socialista contou co apoio de todos os grupos para paralizar os plans do goberno de practicamente erradicar o tren convencional de media distancia na provincia de Ourense. O goberno de Rajoy fai caso omiso a uns dirixentes que parecen servir ao Partido Popular só para manter a tulla de votos. A Xunta de Feijóo parece ter pouca capacidade de convicción ante o goberno de Madrid porque aseguran ter pedido por escrito a Fomento que non levante as vías vellas onde as novas non a pisan y que aprobe un plan de proximidades. O resultado: o que pensemos en Galicia non lle parece importar nada. Agustín Hernández (conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) fala da supresión de 72 frecuencias de media distancia e defende esta decisión argumentando que se fai en aras da eficiencia e da eficacia, e atrevese a dicir que o goberno galego ten formas de garantir a mobilidade por medio do autobús. No seu grupo quedaron perplexos. Só se manterán para trens de mercancías 2 antigas liñas en zigzag, a de Vigo a Redondela que chega a Ourense pasando por Guillarei e a de Santiago a Ourense. Entre Vigo e Monforte hai 14 paradas que xa se sabe que van desaparecer e 6 que aínda seguen pendentes de estudo informativo. Esta situación de incerteza compártena outras 12 estacións na ruta entre Monforte e Ponferrada, vía de altas prestacións electrificada que serviría para introducir en Galicia mercancías, dando un rodeo de 140 quilómetros. Das 132 estacións que había hai pouco en Galicia só teñen porvir as das grandes cidades, as das localidades que serven de enlace (Tui, Monforte, Betanzos), os puntos de bifurcación e intercambio de vagóns (Osebe, Uxes) ou os que resulten imprescindibles para descargar mercancías en portos ou empresas, ningunha delas en Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

En Ourense o resultado dos recortes pasan pola desaparición de 8 estacións entre Ourense e Zamora, de Santiago a Ourense, a liña alternativa ao AVE será para mercancías e Lalín queda sen parada. De Ourense a Monforte e Ponferrada será de mercancías e hai 12 estacións pendentes de estudo. No PSdeG teñen claro que apostan polo tren como medio de transporte sostible e por priorizar razóns medioambientais (están de acordo con Pepe Blanco) sociais e económicas sobre aspectos contables. O Ministerio debe retractarse no que se refire ó Plan de Racionalización do Transporte Ferroviario e garantir a continuidade das liñas. Do que se trata é de mellorar a cantidade e calidade dos servizos ferroviarios e non de suprimir trens. Un cambio de perspectiva debe tratar de mellorar a oferta a través do incremento de frecuencias e a adaptación dos horarios. Unha das alternativas que está funcionando en países como Francia é recorrer a sistemas de eficiencia poñendo en funcionamento automotores de 80 prazas (fronte aos tradicionais de 220) en aquelas liñas con poucos viaxeiros. Sempre hai solucións para todo, non é todo apocalipse. Fórmulas de eficiencia hai moitas, pero o que é inadmisíbel en territorios como Ourense é que se invista en trens de alta velocidade, xa coñecidos como trens para ricos a costa de desmantelar o ferrocarril convencional. Temos que buscar un equilibrio entre a construción de novas infraestruturas e a potenciación das existentes. De non paralizar o plan do goberno asistiremos ao fin da cohesión territorial (isto dálle igual ao grupo de goberno), á desertización dos municipios, a vida no mundo rural será aínda máis complicada. O único que propiciaremos será que a poboación renuncie a instalarse no rural, ademais das graves consecuencias que este tipo de decisións terán sobre a mobilidade de milleiros de cidadáns.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que na moción tamén se fala sobre o AVE e o BNG quere deixar claro que o AVE leva sendo unha arma arreboladiza entre o PP e o PSOE dependendo de quen governe en Madrid e nesta provincia. O BNG é coherente cos seus principios e coa súa postura que é que sexan os técnicos os que decidan; que o custo do proxecto non sexa o único factor determinante como non o foi noutras cidades do Estado; que a estación sexa intermodal. Sería interesante que esta Deputación reclamase que os prazos do AVE para o 2018 se fagan efectivos. Saíndose do asunto, dille ao Sr. presidente se con eses 600 euros que se van aforrar coas baixas que se aprobaron hoxe pode comprar uns ventiladores, porque van como poliños para casa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se une ao rogo do Sr. Iglesias Pérez. Di que a realidade agora será apocalíptica, pero xa o era antes, cando estaba Pepe Blanco, porque antes leu datos del, pero parece que non se lle escoitou. En canto ao incremento das frecuencias di que xa antes deu un dato escandaloso, igual que o dato dos 9.000

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

viaxeiros cos que se recadaron 37.000 euros contra 1.300.000 de gasto, e nos tempos que corren cada un que o valore como queira. Falouse de Francia, que é o país onde se inventou isto do AVE, e neste país nos últimos dez anos pecháronse máis de 800 quilómetros de vías ferroviarias. Como exemplo ilustrativo di que os 40 millóns de euros dos que falou nos últimos 16 anos, serían suficientes para manter durante máis de tres anos subvencións para o transporte metropolitano das sete grandes áreas urbanas de Galicia, o que equivale a subvencionar o transporte público da metade dos galegos durante máis de tres anos. En resumo, todos estaremos de acordo en que as subvencións (gobere quen governe) que promovan as institucións públicas deben ser eficaces e eficientes. Se un investimento non é rendible nin eficiente para o Ministerio de Fomento, tampouco o vai ser para Xunta de Galicia nin para a Deputación, porque o interese xeral das administracións ten que ser o mesmo. O que aquí se propón é unha racionalización de servizos e unha maior eficiencia no transporte de viaxeiros por ferrocarril, suprimindo servizos pero sen ter que recorrer ao peche de liñas, como si teñen feito outros países como o que se acaba de referir.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que o Sr. Álvarez Dobaño está empeñado nunha guerra de cifras, pero esa guerra pode utilizarse tamén para aplicala ás cantidades e dos gastos e ingresos do Teatro Principal, por exemplo. Quere incidir no tema do AVE e no informe do 1 de abril, antes da visita da ministra, no que se falaba que no horizonte do ano 2018, faríase a vía do AVE entre Lubián e Taboada, pero non dobre, senón única. O informe tamén di que se pospón a estación de Norman Foster e a proposta pasa pola adecuación da estación actual, unha contradición en si mesma, de aí que pidan un compromiso formal do Ministerio de Fomento sobre a chegada do AVE a Ourense. Segundo Adif nun escenario de restricións orzamentarias convén dar prioridade á posta en servizo de tramos completos que teñan un grao de execución elevado e que fagan posible a entrada en servizo de tramos para achegar melloras significativas. Ao Grupo Socialista isto non lles vale. O compromiso da ministra era rematar o trazado de entrada a cidade pola nova variante exterior, terminar o proxecto de cubrición de vías e o Concello de Ourense planearía de novo a estación que xa tiñan contratada con Norman Foster. O PSOE xa pediu a comparecencia da ministra de Fomento para que detalle o estado actual do proxecto, unha vez vistas as contradicións que existen, entre os informes, as declaracións e as visitas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

(2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o Sr. presidente ven de anunciar máis axustes para 2014 e pregúntalle ao presidente se podería concretar en que organismos e que partidas van ser obxecto deses axustes. Pregunta tamén, en relación cuns cursos que se están a celebrar en Barbadas, chamados Innova 3, que supoñen uns gastos de desprazamento e demais para as persoas que teñen que asistir a eses cursos que comezaron en maio, aos que aínda non se lles aboou nada, cando se ten pensado aboar eses gastos. Roga que se lles dea unha relación detallada de todos os elementos patrimoniais que ten dedicados a Deputación ao servizo de recollida de lixo nas distintas unidades de xestión que ten ao longo da provincia (data de adquisición, importe da adquisición, etcétera). Por último, di que teñen efectuadas varias preguntas por escrito sen responder, roga que lle respondan canto antes.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo das preguntas sen resposta, para ver en que situación están e así responderllas o máis rápido posible. En canto á relación detallada dos medios que se dedican á recollida de lixo, dille que disto se ocupa a Área de Medio Ambiente e que se porá en contacto cos responsables da Área para que lle fagan chegar esa relación. Con respecto aos axustes para o ano 2014, di que se están a estudar diferentes posibilidades, e pretende traer ao Pleno do mes de novembro de 2013 os orzamentos do ano 2014. Con respecto ao proxecto Innova Emprego 3.0, di que comezou o día 6 de maio de 2013 e como nos últimos dez anos o aboamento do mes no que se empeza e do mes seguinte faise de xeito conxunto, e o próximo luns estarán aboadas as cantidades correspondentes ás persoas que están dentro deste programa.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o Grupo Socialista ten solicitado mobiliario de oficinas que se van remodelar para poder facer uso del, para o que non se deu resposta. Pregunta se se ten pensado facer esa concesión ou non.

O **Sr. presidente** contesta que si. Na próxima semana se porán en contacto cos responsables do Grupo Socialista para ver as posibilidades de facer esa substitución de mobiliario.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, ten que volver falar dunha viaxe de traballo da directora do Teatro Principal a Madrid. A contestación á súa pregunta anterior chegou case un mes despois, en datas próximas a este pleno (supón que para intentar quedar ben), pero chega tarde, mal e nunca, e ademais seguen tendo dúbidas, porque resulta que a directora do Teatro Principal pide que se lle aboen 620,22 euros por asistir a unhas xornadas en Madrid entre os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013

días 18 e 23 de xaneiro, e as xornadas teñen lugar os días 21, 22 e 23 (luns, martes e mércores). Esta persoa intenta cobrar tamén venres, sábado e domingo. Pregunta se a Deputación vai pedir que se lle devolva a diferenza dos tres días nos que non está xustificada a presenza da directora do Teatro Principal en Madrid.

O **Sr. presidente** di que el non responde as preguntas para quedar ben. Se a deputada considera que a pregunta non está contestada correctamente pode facer as preguntas que considere oportunas. Di que todas as axudas de custo que se aboan por parte desta Deputación se fan de conformidade cun procedemento rigoroso, no que se acredita que todos os días polos que se perciben as axudas de custo o funcionario corresponde acreditar que eses días estaba facendo funcións propias da súa área competencial. De todos modos verá se a resposta que se lle deu está incompleta e se é así a completará nos vindeiros días.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, nun debate deste Pleno o presidente díxolle que tardara 23 días en detectar o rexistro de entrada da famosa solicitude do Sr. Freire e non sabe se lles vai pasar todos os rexistros de entrada desta Deputación aos que non teñen acceso. Di isto porque ao fío da súa pregunta con respecto ao congreso do Partido Popular do ano 2010, tiveron algunha resposta, pero non se lles respondeu (e quere que conste en acta) ao seguinte: se existe a copia da petición do local, se existe a copia da concesión do local e o máis importante se existe a copia da condonación da débeda que se lle fixo ao Partido Popular. Espera que, como vai quedar reflectido na acta, se lles conteste a súa pregunta. Os observatorios están moi ben, pero hai que estar na rúa para coñecer os problemas e hai unha empresa que se chama Unitono, que ten como cliente único a Gas Natural, e os seus traballadores temen que poidan acabar nunha situación similar á de T-Solar. Está falando de 150 traballadores, co que isto significa para a provincia. En relación con isto roga, porque eses traballadores lle teñen pedido unha reunión ao Sr. presidente, que se concrete unha data para unha reunión, que se atendan as súas demandas, porque cre que están a tempo de buscar unha solución antes de que remate o convenio que teñen asinado coa empresa. Neste caso adiántanse no sentido de que se faga canto antes porque temen que senón será tarde. Por último, di que o Sr. presidente aludiu ao seu descoñecemento sobre páxinas web, e como responsable da Deputación é o responsable de todo o que acontece nela, independentemente de que sexa o culpable ou non. Non ía dicir isto no Pleno, pero como o presidente sempre intenta desvirtuar os debates e intenta facer caricatura do seu grupo, pregúntalle ao Sr. presidente se sabe que na páxina web da Deputación de Ourense, no que se refire aos concellos, hai enlaces que levan a páxinas denominadas para adultos (incluso porno) co que isto significa. Mostra unhas fotos das ditas páxinas. O Sr. presidente di que é pioneiro en moitas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xuño de 2013
--

cousas, e a ver se tamén imos ser pioneiros en incumprir coa legalidade. Roga que isto se corrixa canto antes e que o Sr. presidente presuma menos e actúe máis.

O **Sr. presidente** agradácelle os consellos ao Sr. Gómez Pérez, que seguramente serán moi bos para o goberno provincial, como son todos os que fai. En relación coa páxina web, di que comprobará o que dixo o Sr. Gómez, e preguntalle se sabe o que é un hacker informático. En todo momento o Servizo de Novas Tecnoloxías está facendo o posible para que non ocorran estas cousas, como, entre outras, fan que calquera cidadán poida ver a intervención de hoxe do Sr. Gómez a través da páxina web da Deputación. Dille ao Sr. Gómez que vaia á páxina de Socialistas de Ourense. org , na que só se fala de sete deputados e un non aparece. Con relación ao rogo dos 150 traballadores de Unitono, dille que xa está perfectamente informado da súa situación, que mantiveron unha entrevista co vicepresidente e que comparten a preocupación existente porque isto pode converterse nun novo problema laboral para esta provincia, posto que son moitos os traballadores/as afectados/as. Non ten ningún tipo de inconveniente para reunirse con eles a semana que ven ou no momento oportuno. En relación cos congresos do Partido Popular, di que a pregunta xa foi respondida, que se lles facilitaron as ordenanzas correspondentes e que en todo momento se actuou de conformidade co que establecían as ordenanzas. Se esa información non lles é suficiente é un problema que ten o Grupo Socialista e saberá que medidas ten que tomar, pero tanto para a cita de 2010 como para a cita de 2013, actuouse de conformidade coas ordenanzas que estaban en vigor no momento da celebración dos congresos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, reitera que piden copia das tres cuestións concretas, e que non se lles conteste con evasivas como acaba de facer o Sr. presidente.

O **Sr. presidente** preguntalle se na ordenanza que estaba en vigor no congreso de 2010 aparecía nalgún sitio a palabra decreto de condonación. A resposta que deu é clara e actuouse de conformidade co que establecían as ordenanzas vixentes en cada momento.

E, ás 14:30 horas do citado día vinte e oito de xuño de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,